

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL  
VINTE: -----**

**EXPTE. 2020008172**

**PRESIDENTE:**

**Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Juan Antonio Deza Otero (asist. telem)  
María Paz Lago Martínez (asist. telem)  
Daniel Arosa Dasilva (asist. telem)  
María Deza Martínez  
Marcos Guisasola Padín (asist. telem)  
Flavia Besada Otero (asist. telem)  
Oscar Vilar Sartages (asist. telem)  
Jaime Leiro Otero (asist. telem)  
Paula Martínez Santos (asist. telem)  
Ainhoa Fervenza Celestino (asist. telem)  
Marta Caneda Prieto (asist. telem)  
Fernando Otero Montes (asist. telem)  
Sandra Fernández Agraso (asist. telem)  
Andrea Ucha Bouzada (asist. telem)  
Vanessa Rodríguez Búa (asist. telem)  
Yago Torres Pérez (asist. Telemática)**

**NON ASISTE:**

**José Juan Vidal Vilanova (Interventor)**

**SECRETARIO XERAL:**

**Angel Luis López Pita**  
=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación "Zoom" (vídeo conferencia, enlace: <https://us02web.zoom.us/j/8443705130> 2) sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte. Baixo a Presidencia do alcalde **TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----  
-----  
-----  
-----  
-----



## **A) ACTAS ANTERIORES:**

**1º) EXPTE. NÚM. 2020006296: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 28 DE SETEMBRO DE 2020.** Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

**2º) EXPTE. NÚM. 2020007087: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 23 DE OUTUBRO DE 2020.** Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

## **B) PARTE DISPOSITIVA:**

**3º) EXPTE. NÚM. 2020003575: PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DO ESCRITO PRESENTADO POR FRANCISCO JAVIER PADÍN GRANDE E ÁNGELA MARÍA PROL NAVEIRO SOBRE A RECUPERACIÓN DOS POSTOS 9 E 10 DOMERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE SANXENXO.** O **Sr. Secretario** dá conta da **proposta da alcaldía, do 11 de novembro de 2020** que, a continuación, se transcribe literalmente:

“”Con data 14 de setembro de 2020 e Angela María Prol Naveiro e Francisco Javier Padín presentan escrito no que manifiestan, entre outras, a súa desconformidade contra o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2020, mediante o que se acordou a recuperación da concesión dos postos números 9 e 10 do Mercado Municipal de Abastos de Sanxenxo e o abono da cantidade de 9.000, 00 euros.

Visto o **informe da tesourería municipal, de 29 de outubro de 2020**, que literalmente di:

“Logo de seguirse os trámites sinalados na ordenanza fiscal reguladora da taxa de mercados, o pleno do concello con data 11 de agosto de 2020, adoptou o acordo de recuperar ditos postos abonando aos titulares a cantidade de 9.000,00 euros en concepto de indemnización ao considerarse a opción máis favorable para os intereses municipais ante o estado que presenta o edificio. Dita cantidade é a mesma que foi reflectida na oferta de traspaso asinada entre os dous titulares e Juan Ramón Martínez Ansín, en data 14 de xuño de 2020 que era a persoa interesada en explotar os postos.



Con data 14 de setembro de 2020, co número de rexistro 2020008699, presentouse un escrito asinado polos antigos titulares dos postos, Sr. Padín Grande e Sra. Prol Naveiro, no que manifestan, entre outras, a súa desconformidade coa recuperación dos postos que consideran unilateral, argumentando que o concello non esperou ao remate da concesión ou a vixencia da mesma, excluíndose calquera requisito para o rescate da concesión. Tamén que non houbo unha toma de contacto con eles, e que non se lle informou das posibles melloras que se van a realizar no edificio.

Por último, solicitan que en lugar dos 9.000,00 euros sexa abonada a cantidade de 19.232,39 euros para restablecer o equilibrio económico e avaliando o incremento do valor dos bens inmoables.

Analizado o expediente, infórmase que dito escrito, que tivo entrada dentro do prazo dun mes dende a comunicación do acordo plenario, debe ser considerado con un recurso de reposición que debe ser desestimado polas seguintes razóns:

1º) No expediente administrativo tramitado, consta nitidamente, que toda a tramitación seguida respecta á ordenanza da taxa de mercados, que en concreto dispón o seguinte:

*“Segundo.- Outras normas especiais de xestión.*

*....”Nos casos nos que se pretendan realizar un traspaso deberá comunicarse, previamente, ó Concello co nome do novo usuario e o prezo do traspaso. O concello terá a opción de quedarse co posto polo prezo que se lle notificara ou a percibir o 14% do mesmo e autoriza-la operación. Esta opción exercerase no prazo máximo dun mes contado de día a día a partir de que teña entrada a comunicación no Rexistro Municipal, transcorrido dito prazo entenderase autorizado o traspaso por silencio administrativo e o interesado deberá ingresar o 14 % do prezo ofrecido na Tesourería Municipal para consolida-la operación.”*

2º) Do contido da ordenanza foron informados os titulares mediante escrito de data 15 de xuño de 2020 (rexistrado o día 16/06/2020, co número 2020002100) e que foi recibido polos reclamantes o día 17/06/2020) polo que non procede argumentar que o concello actuou sixilosamente ou gardando silencio nas súas actuacións.

3º) No documento de acordo sobre o traspaso achegado consta con claridade o prezo de 9.000,00 euros para o traspaso.

4º) Foi achegada ademais ao expediente a documentación esixida á persoa que pretendía explotar os postos, Sr. Martínez Ansín, para continuar aproveitando comercialmente os postos.

5º) Efectivamente, o pleno acordou que era máis favorable para os intereses do concello recuperar os referidos postos, como lle faculta a ordenanza.

En consecuencia, carece de fundamento solicitar agora cantidades económicas superiores á fixada de acordo co procedemento seguido.”

Esta alcaldía, propón ao Concello Pleno adopción do seguinte acordo:



**PRIMEIRO:** desestimar o recurso de reposición interposto por **Angela María Prol Naveiro** e **Francisco Javier Padín Grande** en contra do acordo adoptado polo concello Pleno, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2020, en base ás consideracións reflectidas no informe de tesourería municipal de data 29 de outubro de 2020.

**SEGUNDO:** notifíquese este acordo aos interesados para os efectos oportunos.””

Dáse conta igualmente do ditame favorable á proposta da **Comisión de Asuntos Xerais** celebrada o **24 de novembro de 2020**.

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Ola, boas noites a todos, como dixó agora o señor secretario, o que facemos aquí, é un recurso que presenta este matrimonio, pois rexeitamos o traspaso, o concello, como así o declara a ordenanza, ten a potestade de quedarse cos dous postos, os números 9 e 10 da praza de Sanxenxo, é o único que facemos, quedarnos cos dous postos, nada mais.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Boas noites a todos, en canto a esta cuestión; dicir que os plantexamentos que se expoñen por parte dos dous particulares que presentan o recurso de reposición, son contestados nun informe técnico realizado polos funcionarios do Concello, o que pasa é que nós non compartimos plenamente nin o criterio xurídico exposto, nin tampouco o procedemento que se levou a cabo nesta actuación, entón imos abstermos neste punto.

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Boas noites a todos, eu estou totalmente de acordo con este punto, porque estes dous postos estiveron cerrados unha morea de tempo, porque as persoas que os tiñan, realmente, o que estaban esperando, antes do que acordamos no anterior pleno, de pagar nove mil euros ou así, para quedarse o Concello con eles, era que alguén llo traspasase por mais valor, non foron capaces, iso leva moitísimo tempo aí parado, era un nido de ratos, polo que eu sei, antigamente, cando estaba Coral na Concellería de Medio Ambiente, tivo moitos problemas na praza por culpa desas cousas e estou totalmente á favor, vou votar a favor neste punto.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Boa noite a todos e a todas, nós imos votar a favor.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Boas noites a todos e a todas, eu creo que facía tempo que non me sentía con tanta vergoña allea sobre un tema, tomeime a molestia de indagar e preguntar como foi este proceso e chamei aos interesados desta cuestión, falei tanto coas persoas que queren traspasar como a persoa que quería coller estes dous postos na praza de abastos e resulta que non ten nada que ver o que me contaron co que nos contaron vostedes, case parto de que vostedes os timaron, con todo o argumentario que nos presentaron, que non ten nada que ver coa realidade desde o momento inicial deste proceso. O señor Guisasola, vou a pensar que actuou inicialmente de boa fe e, sinxelamente,



despois xa é un mandado, sen voz nin voto e que, directamente, fai o que lle din, sen ningún tipo de moralidade, nin ética, nin absolutamente rigor na súa labor como concelleiro, porque estas persoas tamén son veciños do Concello de Sanxenxo. Imos ver, primeiro punto, cando se lle comunica ao Concello de Sanxenxo que se quere traspasar estas dúas prazas do posto de abastos, neste Concello se lles di que non hai ningún problema, que presenten a documentación da persoa á que se lle vai a traspasar e se procede desta maneira, pídeselle esa documentación e, coa mesma, xa se lle piden todos os impostos, estar ao día na Seguridade Social, estar ao día en Facenda, para poder proceder a este traspaso, como se facía habitualmente. Nese momento debeu pasar un aire polo concello e decidiuse que era moito mais interesante facerse cargo o Concello das dúas prazas, o cal, en se mesmo, non é malo, se non fose porque xa se lle dixo a estas persoas que se ía conceder este traspaso, polo cal, a persoa que ía adquirir o posto, xa o fixo "coa aceptación do señor Guisasola", sabendo o señor Guisasola que se ían facer algunhas melloras neses postos, para aproveitar o que quedaba de verán, deuse o beneplácito e, coa mesma, vostedes cambiaron de opinión e decidiron que se facían cargo. Legalmente nós podemos, como Concello, facernos cargo destas prazas, por suposto que se, ética e moralmente, o proceso, tal cal e como se levou a cabo, é denigrante e, de verdade, que sinto vergoña allea, moita moita vergoña, estas persoas séntense estafadas e enganadas, tal cal, estas persoas intentaron falar por activa e por pasiva, por teléfono, co señor Guisasola. Non é certo o que nos dixeron, por tanto mentíronnos miseravelmente a todos os que estamos aquí, dicindo que sabían de sobra que o Concello se quería facer cargo das prazas, non é verdade, porque a persoa que quería facerse cargo dese posto fixo unha pequena actuación, a sabendas do propio Concello, entón, é moi forte que se nos queira dicir que eles sabían e nós actuamos de boa fe, cousa que non me volve a pasar, iso o teño clarísimo, non me volvo crer unha soa palabra do que me contan, porque todo veñen sendo mentiras. Comunicóuselles por escrito a estas persoas que o Concello se queda coas prazas, legalmente pódese, ética e moralmente non. Eu entendo que un concello que está a dicir a súa cidadanía que vai facer unha praza de abastos nova, vai buscar que esa praza de abastos non se morra antes, porque se o que quere é que morra antes, que é o que parece, desde logo, intentando que non vaian adiante os postos, arruinándoa de tal maneira que, despois, xa non teñamos que facer ningunha praza de abastos, non ten ningún sentido despois facela, para que, se xa non hai ninguén que queira vender alí, non hai opcións. Imos ver, á persoa que quere coller o posto, chegóuselle a acusar de querer especular coa praza, cando esta persoa o necesita para o seu día a día, para que o seu negocio vaia cara diante, entón, intentar agora botar a pelota fóra e, ademais, dicindo que as persoas que queren coller ese posto, especulan ou queren especular, podemos estar mais ou menos de acordo co argumento que presentou en segunda instancia, o problema real non é ese, o problema e que imos deixar dous postos, que poderían estar traballándose ata o día da execución do mercado, por unha persoa, veciña do Concello, que o necesita. Esta persoa, en concreto, chegou a dicirme, o que pasa é que non hai con quen falar neste Concello, ese é o problema, non hai con quen falar que teña palabra, que estaría disposta a coller esa praza ata o momento que se vote a baixo ese edificio e volvera a levantarse outro, poderíase negociar, pero non estamos nesas, estamos en mentir e non escoitar e non estar coa xente coa que deberíamos de estar. Nada mais.



**Sr. Guisasola Padín:**

Non é o primeiro traspaso que realizamos neste ano, creo que é o terceiro o cuarto, o que pasa é que neste caso a parte recorreu, ten toda a opción a seguir traballando na praza, hai postos libres, pero non ao dereito de traspaso, nada mais, moitas grazas.

**Sra. Fernández Agraso:**

Eu quero deixar claro que o noso voto á favor é porque os informes dos técnicos son favorables, nós non somos técnicos, somos políticos, evidentemente teño que fiarme deses informes técnicos, supoño que, ao mellor, saberá mais a señora Rodríguez, se ve algo raro, se cadra ela entende moito mais que min disto, pero son informes técnicos favorables, quero que quede claro que, tanto na comisión como no pleno, os informes técnicos son favorables e, logo, lembrar unha cousa, hai unha ordenanza da praza, sobre o uso, entón non se pode ter un posto porque é meu, non o uso durante o ano e logo pretender traspasalo. Hai unha ordenanza e, cando se pase para o concello, agardamos que, agora coa maior transparencia e cunha mellor equidade, poidan outras persoas acceder a ese posto, iso é o que queremos, por tanto cremos que igual está mellor en mans do concello, sempre e cando se poida polos informes favorables, e non que se estea especulando cos postos. Nada mais.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Imos ver, especular cos postos? Os postos están para traballalos, que sentido ten ter postos cerrados, estamos a falar dun propietario dun posto que quere traspasar a outro propietario para traballalo, está mellor en mans do Concello o posto, que en mans do propietario que o quere traballar? É que non ten sentido, de todas maneiras, a estas alturas, xa estamos afeitos a que o BNG vote a favor de todo o que diga o señor Telmo, non pasa nada, de agora en diante xa é así, a señora Deza xa quere ser do BNG, a señora Fernández xa quere ser do PP, pois fagan un pacto todos xuntos, pero imos ver, aquí o asunto non é ese, o asunto é que o señor Guisasola sabe, e o sabe de boa tinta, non fai falta mais que ver como está agora mesmo, que o proceso non foi así, a esta xente enganóuselle, eu xa sei que pola lei, co regulamento na man, o Concello ten potestade e dereito para quedarse coas prazas, ese non é o problema, o problema é que se enganou a estas persoas, dicíndolles unha cousa e, logo, facendo outra e iso é moi triste por parte dos representantes dun Concello, iso é o que estou aquí expoñendo, a mala fe, a mala praxis, a forma de timar as persoas, é tremendo, ou me vai a dicir vostede, señor Guisasola, que non falou co señor Juan Ramón Martínez para dicirlle que podía quedarse con esa praza e traballala.

**Sr. Guisasola Padín:**

A ver, soamente unha aclaración, se hai algunha ilegalidade por parte de terceiros non é o noso problema, pero o señor Juan Ramón sabe de sobra que pode seguir traballando na praza unha vez que sexa do Concello, cos requisitos que ten agora que facer, pero non como traspaso en propiedade, nada mais, moitas grazas.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:



**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 03 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE).**

**Abstencións: 01 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO:** desestimar o recurso de reposición interposto por **Angela María Prol Naveiro e Francisco Javier Padín Grande** en contra do acordo adoptado polo concello Pleno, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2020, en base ás consideracións reflectidas no informe de tesourería municipal de data 29 de outubro de 2020.

**SEGUNDO:** notifíquese este acordo aos interesados para os efectos oportunos.”-----

**4º) EXPTE. NÚM. 2020007996: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DA MODALIDADE DA PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACÉUTICA DO PERSOAL FUNCIONARIO DA EXTINGUIDA MUNPAL, INTEGRADO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, CON EFECTOS DE 01 DE ABRIL DE 1993. O Sr. Secretario dá conta do ditame, favorable á proposta, da Comisión de Asuntos Xerais, celebrada o 24 de novembro de 2020.**

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Neste punto o que traemos, como saben vostedes, hai uns trece funcionarios da antiga MUNPAL, do ano anterior ao 93, que os traspasamos, a partir do 1 de xaneiro, ao Servizo Público da Seguridade Social, entón a nosa intención é, a partir do 1 de xaneiro, que entren na Seguridade Social, un servizo público eficiente, por suposto e, como dixo o secretario tamén na súa segunda parte, aos titulares respéctaselles unha póliza privada, posto que esta xente, ata o de agora, viña beneficiando desta póliza, pero soamente para os titulares, non para os familiares ou asegurados a maiores.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Sobre este punto comentar que, efectivamente, esta era unha situación anómala que tiñamos no Concello de Sanxenxo desde 1993, no que se extinguiu a MUNPAL, que era unha mutualidade que amparaba a estes traballadores, nese momento o Concello de Sanxenxo optou por asumir os custos da cobertura destes traballadores e, agora, exponse a posibilidade de introducilos no sistema da Seguridade Social e poder contar coas mesmas proteccións que contan todo o resto dos empregados do Concello de Sanxenxo, o cal nos parece o mais oportuno. De feito, como viña dicindo, esta é unha situación anómala que leva desde 1993 sen solucionarse, de feito na miña época de concelleira de persoal, era unha das cuestións que tiña encima da mesa para poder solucionar, polo cal entendo que esta é a solución adecuada para manter unha igualdade entre todos os traballadores do concello.



**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Sobre este punto teño dúbidas porque se, en realidade é unha circunstancia anómala, teñen uns privilexios que outros traballadores non teñen e teño dúbidas porque, polo que din tamén, é verdade que cando o partido ao que pertenzo gobernabamos no tripartito, fomos quen de baixar a débeda do Concello a seis millóns de euros en dous anos, sen tocar ningún privilexio de ningún traballador, por iso que teño as miñas dúbidas. No informe pon que é porque veñen malos tempos e queren recortar, teño dúbidas, de momento voume a abster.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Comentarlle á señora Fervenza que non son do PP, o que pasa é que coñezo as ordenanzas do Concello, se alguén quere traballar nese posto eu, o que espero do señor Guisasola, é que poña a traballar os postos canto antes e que os postos estean ocupados na maior brevidade posible, pero que os postos sexan municipais. En canto a este punto, efectivamente, tiñan unha cobertura só os funcionarios anteriores a data que dixeron, a cobertura era sanitaria e tamén farmacéutica, por tanto era unha contía bastante importante e non só eles, senón para todos os seus familiares, mesmo algúns casos con coberturas nalgunhas operacións, ten habido casos de contías bastante importantes, cremos que é unha medida igualitaria, cremos que, primeiro xa nos tempos que están e os que van vir, economicamente, para o Concello de Sanxenxo, é bo pero, á parte diso, aínda que non fose un tema económico, cremos que é o mais equitativo, que o todo persoal estea equiparado de igual maneira, o persoal e a súa familia.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Soamente unha cousa, gustaríame que constase para o seguinte pleno, na acta, que o señor Guisasola dixo que a praza pode seguir traballándose de maneira extraoficial polo señor Jose Ramón, díxoo. Con respecto a este punto, evidentemente, nós estamos de acordo en que se iguallen todas as condicións de todos os funcionarios e empregados do Concello. O que nos parece, neste caso, é que tamén o Concello debería dar un paso mais exemplarizante e facer un cambio de contrato e consolidación dos postos de traballo, para ter ao persoal deste Concello xa, dunha vez, cunha estabilidade e unha normalidade na hora do seu traballo e das súas funcións, é poñerse a traballar e facer o que temos que facer, é consolidar e dar estabilidade ás persoas, para que non estean sometidas ao ditame e ao arbitrio das persoas que están agora mesmo gobernando, que ás veces ameazan, ás veces chantaxean, emocionalmente. O propio persoal do Concello, moitas veces, non quere levantar a voz, porque ten medo as ameazas que están a se facer, directamente, desde os propios concelleiros.

**Sr. Presidente:**

Mire señora Fervenza, vostede hoxe debeu ter un día bastante soleado, eu vin, en Sanxenxo, na praia de Silgar, bañándose xente ás doce da maña, iso é boa sinal e eu non sei se lle afectaría algo a vostede, porque está a dicir algunha cousa vostede que me vou a limitar eu a non comentar agora mesmo.





**Sra. Fervenza Celestino:**

Eu, soamente, limítome a dicir o que escoito.

**Sr. Presidente:**

Dos 236 traballadores que ten este Concello, 166 son persoal indefinido, de acordo? Entón non fale do que non coñece, preocúpese un pouco primeiro de preguntar. O concello, se cadra, ten unha situación que ten que empezar facendo outras cousas, explícome? Entón, está vostede lanzando así, ao aire, algunha cousa que dixo vostede, algunha barbaridade e eu, como alcalde, teño que dicirle que non estou de acordo con esas afirmacións que fai vostede e que se limite a estudialas moi ben porque, ao mellor, ten unha equivocación moi grande que pode prexudicar vostede a moitísima xente, porque se a vostede lle parece, quitamos mañá 166 prazas adiante, se lle parece a vostede ben, vostede pregunte ben a quen teña que preguntar, a algún funcionario do Concello e, cando se informe ben, a ver se di o mesmo que acaba de dicir.

**Sr. Guisasola Padín:**

Dar as grazas a todos os compañeiros polo apoio.

**Sr. Torres Pérez:**

Non é que non me quedase claro, tiña dúbidas, é correcto, porque é un beneficio que tiñan estes trece traballadores, que non tiñan o resto dos traballadores do Concello, pero digo que polo motivo que estades a dicir que é, porque veñen tempos malos, por exemplo, repito que, cando o partido ao que eu pertenzo, gobernaba nun tripartito, fomos quen, con todo o malo e toda a débeda que había, de baixar a débeda, sen tocar ningún privilexio de ningún traballador. Por exemplo, é dobre vara de medir, non ten nada que ver, pero hoxe, nun consello que tivemos, por exemplo, a unha traballadora, que eu me abstiven tamén, porque, ao mellor, meréceo, a unha traballadora dábaselle un plus por un traballo e quería selle ascender. Neste momento tamén, a estas persoas, queren sacarles unha cousa que xa había, que, se cadra, está ben sacarllas e, ao mellor, a esa persoa está tamén ben darlle ese plus, pero igual que me abstiven á mañá, abstéñome agora, porque o criterio é que van vir tempos malos, claro que van vir tempos malos e, cando nós tiñamos tempos malos, fomos quen de aguantalos, por iso estou de acordo por unha banda e, por outra banda, non.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Sinxelamente para dicir unha cousa, xa teño dito moitas veces nestes plenos que, evidentemente, nós aquí, facemos un labor de representación do pobo e que, cando falamos, temos que, polo menos, saber do que falamos. En canto ao tema dos traballadores, comentábase o tema da consolidación e eu creo, sempre o dixen e de feito foi a tarefa que se me truncou cando cambiou o goberno, creo que o que hai que facer e o que hai que traballar desde a persoa que ten encargado o tema de persoal neste Concello, é chegar a estar en condicións de poder facer unha relación de postos de traballo, que é o que necesita o Concello de Sanxenxo para realmente igualar, poñer algo de xustiza nos postos de traballo, na remuneración e demais que hai neste Concello, este Concello foi crescendo pouco a pouco, os postos de traballo fóronse facendo como se fixeron, poñendo a xente con diferentes retribucións e, hoxe en día,



temos unha situación na que, mesmo dúas persoas que fan exactamente a mesma labor, teñen retribucións completamente distintas, por tanto eu creo que se, que é necesario e hai que traballar nese sentido, en lograr ter o Concello de Sanxenxo a situación que facilita a posibilidade de poder facer esa RPT, esa relación de postos de traballo tan necesaria para Sanxenxo, iso ten que ser o horizonte nese tema.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Soamente unha cousa que me quedou por dicir, aquí, na relación de cartos que se foi aforrando o Concello ou se vai aforrar con este tema, pon que, anualmente, poden chegar a aforrarse 66.000 €, imos poñer que sexan 60.000€, eu pregúntome, desde cando puidemos facer esta reincorporación da MUNPAL á Seguridade Social, porque se contamos dende o ano 93, que pon aquí, se só contamos vinte anos, son case 1.200.000 €, que nos aforrariamos, se se fixese a tempo.

**Sr. Presidente:**

Pois, xustamente, desde o ano que vostedes gañaron as eleccións cunha moción de censura que nunca debeu de existir, o Partido Socialista gobernando durante seis anos.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Perdemos mas de 1.200.000 de euros, iso é o que me está dicindo?

**Sr. Presidente:**

O Partido Socialista gobernou durante seis anos.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Iso é o que me está dicindo? 1.200.000€.

**Sr. Presidente:**

Do 93 ao 99.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Que inxustiza.

**Sr. Presidente:**

Claro que é unha inxustiza, a ver, señora Fervenza, perdoe, mire, vostede xa preguntou.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Non digo nada mais, non digo nada mais, por agora.

**Sr. Presidente:**

Preguntaba vostede desde cando se puido solucionar, dende o ano 93.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Vostede leva gobernando desde o ano 99, imos ver, sexamos serios.



**Sr. Presidente:**

Grazas. Eu quería, soamente, explicar antes da votación, o que lle dicía ao señor Torres, perdóeme, eu entendín que quería era escoitar aos demais e, visto que os tres portavoces da oposición creo que van votar a favor, non entendín, porque, precisamente, os tres portavoces da oposición eran os que xa trataban estes temas, como ben explicou a señora Rodríguez, nun cuatripartito que formaron vostedes todos, vale? Soamente era aclarar iso, entón, imos proceder á votación do punto numero catro.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 01 (Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** o cambio da modalidade da prestación de asistencia sanitaria e farmacéutica do persoal funcionario da extinguida mupal, integrado no réxime xeral da seguridade social con efectos 1 de abril de 1993, pasando do sistema de concerto con entidade privada á incorporación no sistema de Seguridade Social, con efectos 1 de xaneiro de 2021.

**SEGUNDO:** a subscrición dun seguro sanitario complementario soamente para os funcionarios titulares do dereito (non os beneficiarios), personal afectado por esta medida. Dita medida, transitoria, é para evitar calquera incidencia que puidera ocorrer no traspaso de persoal á seguridade social (por exemplo seguimentos médicos actualmente en trámite).”-----

**5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA, DA CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 95% DO ICIO AO CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO DE SANXENXO, OBRAS DE AMPLIACIÓN E REDISTRIBUCIÓN DE PISTAS, EXPTE. 031/20. O Sr. Secretario dá conta do ditame, favorable á proposta, da Comisión de Asuntos Contas, Asuntos Económicos, celebrada o 24 de novembro de 2020.**

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Neste tema, como ben acaban de dicir, temos unha ordenanza do ICIO, onde cabe a posibilidade dunha serie de bonificacións, neste caso hai que declarar de interese público, de interese municipal e porque concorren circunstancias sociais, entón cábelles, segundo a ordenanza, a bonificación do 95% e é o que aplicamos e traemos aquí, ao pleno.



**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

En principio nada que dicir, sinxelamente é unha bonificación que está prevista na ordenanza e que entendo que, efectivamente, estamos a falar dunha entidade sen ánimo de lucro que, como eles mesmos din no seu informe, cumpre cos requisitos e por tanto, nada que dicir ao respecto.

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Eu voume manter igual que na comisión, votei a favor, porque é unha cousa que vai beneficiar a moitos veciños de Sanxenxo e vou votar a favor.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Efectivamente, como é unha entidade sen ánimo de lucro, nós estamos de acordo coa bonificación e imos votar á favor.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Nós tamén vamos votar a favor pero, ademais, facendo un recoñecemento a labor que se fai desde o circulo deportivo, non só ao deporte e ao tenis, que nos están metendo en todos os circuitos neste deporte, senón que tamén fai unha labor cultural importantísima de reivindicación do noso, do entorno e da cultura que nós temos aquí.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** declarar de interese ou utilidade pública municipal, por concorrer circunstancias sociais as obras de redistribución e ampliación de pistas de tenis en Pedrouzos – Nantes promovidas polo CIRCULO CULTURAL DE DEPORTIVO DE SANXENXO.

**SEGUNDO:** conceder unha bonificación do 95 % da cota do ICIO á devandita entidade non extendendo a citada bonificación á taxa urbanística ao non estar contemplada dita bonificación na ordenanza de dita taxa.

**TERCEIRO:** trasladar certificación deste acordo á intervención municipal aos efectos de contemplar esta bonificación na liquidación do imposto.”-----

**6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DA CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DO ICIO A EMPRESA XESNOVA GLOBAL SL DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE NO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame, favorable á proposta, da **Comisión de Asuntos Contas, Asuntos Económicos,** celebrada o **24 de novembro de 2020.**

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Este punto non é igual que o anterior, pero tamén a ordenanza cabe para as empresas, para unha serie de empresas, unhas bonificacións, tamén no ICIO, e bo, como saben todos vostedes, xa desde fai anos o goberno e, mais implicitamente o alcalde, quixo sacar adiante o parque empresarial, un gran éxito, pois hoxe está totalmente legalizado



e todas as empresas, ou as que queiran, poden pedir autorización e por tanto intentar crear emprego. A maiores, o goberno fixemos un convenio coa Xunta, para poder beneficiar as empresas que se instalasen no polígono e, unha vez que se instalen, teñen dereito a estas bonificacións, neste caso concreto que traemos aquí, tamén hai que declarar o interese municipal pero, sen embargo, concorre a circunstancia do fomento de emprego, a pena e que non traíamos a dedución do 95%, que só veña do 50%, porque querería dicir que será unha empresa que vai crear mais de vinte postos de traballo. Ao 50%, ao que se compromete, é a crear ata 10 postos de traballo e por tanto, correspóndelle o 50% de bonificación do ICIO, nada mais, moitas grazas.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Non podo resistirme a facer un comentario sobre a definición que para o señor Guisasola significa gran éxito, porque imos, se a xestión do polígono de Nantes foi un gran éxito para o PP, entón entendo todos os grandes éxitos do PP, temos unha definición ben distinta do que significa gran éxito, eu e creo que a maioría dos veciños de Sanxenxo. Iso á parte, efectivamente, esta é unha bonificación que contempla a ordenanza, se ben é certo que a ordenanza, neste caso, contéplao, como dicía o señor Guisasola, para un suposto concreto e é que a empresa se comprometa a xerar unha serie de postos de traballo nunhas determinadas condicións, que sexan xornada completa e demais. O que se se solicitaría, pola miña parte neste momento, é que por parte do Concello se faga o correcto seguimento de que isto, efectivamente, é así, porque efectivamente, é un compromiso que se logo non se cumpre, a bonificación non estaría correctamente prestada, por tanto, creo que é moi importante realizar ese seguimento, a posteriori, de que, efectivamente, se cumpre con ese requisito que esixe a ordenanza para poder beneficiarse da bonificación. Tamén quero dicir neste punto que, quizais, sería tamén un bo momento para lembrar que, quizais, esta ordenanza, que é da que estamos falando agora, que é a do ICIO, así como outras, se cadra, tamén habería que darlle unha volta para este tipo de bonificacións que, polo menos, ao meu entender, están descompensadas as bonificacións das que poden beneficiarse, determinadas empresas, por determinados requisitos, como é o caso este e, sen embargo, para os particulares entendo que non hai practicamente ningunha, por non dicir ningunha, por tanto entendo que tamén este é un bo momento para lembrar que este tipo de impostos tamén se pagan polos particulares, tamén se pagan por outro tipo de empresas e, tamén, habería que prever este tipo de bonificacións para determinados supostos, para que tamén puidesen beneficiarse os particulares e non só as empresas e as entidades sen ánimo de lucro.

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Pois eu vou a seguir o criterio da comisión, no informe que eu teño, realmente, só di que necesitan tres postos de traballo, no informe que eu teño di que solo tres e eu voume abster, porque legalmente, que o preguntei na comisión, non teñen porque ser postos de traballo do Concello de Sanxenxo, poden ser doutros concellos, gustárame que foran do noso, xa que o Concello é o que vai perder esa retribución, que fosen xente do Concello de Sanxenxo, pero legalmente eles poden traer xente de calquera concello, por iso ímonos a abster.



**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Eu tamén, cando o señor Guisasola chamoulle gran éxito ao parque empresarial, evidentemente, pois non puiden mais que sorrir, chamarlle “gran éxito” a algo que, desde o 2003, pasamos polo que pasamos e, agora mesmo, despois do gran éxito do señor Telmo Martín de recibilo, practicamente, está baleiro, home, gran éxito non é, a min encántame a xente positiva, a xente que ve sempre o vaso medio cheo, pero vostede ve que desborda e resulta que o vaso apenas ten auga, entón imos chamarlle as cousas polo seu nome. Efectivamente, na comisión, o que se preguntou, neses tres postos de traballo, canto era o ICIO que se lle ía reducir a esta empresa, o 50% dese ICIO, para saber se nos saía a conta eses postos de traballo, co que o Concello non ía a ter por ese ICIO, o cálculo fixérono na comisión, eran uns 18.000€, por tanto cremos que se, sae beneficiado o Concello de Sanxenxo, tres postos de traballo por 18.000 €, eses postos de traballo teñen que ser por catro anos e, efectivamente, ten que haber un seguimento por parte do Concello, de conforme iso sexa así, senón teñen que pagar eses 18.000€, por tanto imos votar a favor.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Nós, no éxito empresarial que temos aí montado, a miña pregunta é canto diminuímos o ICIO a outras empresas que bonificaron, para saber o gran éxito empresarial que temos aí montado. Tamén me xorde a dúbida de se esta empresa pon no seu escrito, segundo o que nos destes, que vai ter un xerente, dous administrativos e tres postos de traballo mais, como moito cinco, seis persoas traballando aí, non chegan ao mínimo de dez que pon a ordenanza.

**Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:**

È ata dez, máximo dez.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Vale, entón, neste caso se, imos votar a favor.

**Sr. Guisasola Padín:**

Dicir dúas cousas, nada mais, que a señora Rodríguez falaba de que debiamos de aplicar mais bonificacións, xa existen bonificacións para o ICIO, para particulares, existen, hai que cumprir unha serie de requisitos, pero xa existen e dicir que é ata dez traballadores, de cero a dez ou de un a dez, o 50% e, nada, o dito anteriormente, un gran éxito por parte do goberno do Partido Popular recibir o parque empresarial e que estea a funcionar, sígoo repetindo e seguireino dicindo, moitas grazas.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Eu, sinxelamente, quero aclarar algo, para que non pareza que o resto dos portavoces non estamos interesados en que os postos de traballo sexan de xente de Sanxenxo, senón todo o contrario, o que pasa e que iso xa se dixo cen mil veces nestes plenos, por cuestións relacionadas, que iso é ilegal, polo cal, repito, somos concelleiros, polo menos, cando facemos manifestacións, debemos intentar non confundir aos veciños e iso xa o dixen noutras ocasións, que non se pode facer esa discriminación positiva, de feito, supoño que, todos lembrades, que mesmo se chegou a facer nun determinado momento, coa taxa que hai que pagar polo tema dos matrimonios, que se dicía que



para a xente de Sanxenxo esa taxa non se tiña que pagar e, logo, finalmente, o Concello de Sanxenxo tivo que botarse atrás e anular esa disposición, porque efectivamente, é ilegal, entón, que queremos que todos os postos e os mais posibles sexan para os veciños de Sanxenxo, claro que se, pero hai que ter coidado co que se di, porque esa solicitude non é posible legalmente.

**Sr. Torres Pérez:**

Non sei se non se me entendeu, pero eu díxeno claramente, nós somos un partido municipal, pero eu sei que dixen que a empresa estaba no seu dereito, porque é legal, porque eu pregunteino na Comisión e xa me dixeron iso, eu non dixen que só tiñan que ser do Concello de Sanxenxo, esa dúbida xa ma aclararon, eu creo que dixen claramente que a empresa estaba legalmente, pero o noso partido ímonos abster, non estamos en contra tampouco, pero gustaríanos que fosen do Concello de Sanxenxo, pero eles están na súa legalidade de non facelo, nada mais.

**Sra. Fernández Agraso:**

Efectivamente na Comisión, a Vanessa non lle tocaba esa Comisión, pero sei que na Comisión, se lle dixo ao señor Torres como era o tema, de feito, o exemplo que acaba de poñer a señora Rodríguez das vodas, foi o exemplo que puxen na comisión para dicir que iso non era legal, porque iso xa nos pasou nun pleno fai moitos anos. Soamente dicir, se nos están escoitando, se hai xente que escoite os plenos, que as bonificacións as teñen que solicitar as empresas, por se hai algunha empresa, de onde queira que sexa, que queira vir para o parque empresarial, porque que veñan moitas empresas, o éxito non é do Partido Popular, o éxito sería de todos os veciños, para que houbera postos de traballo, evidentemente, sería unha alegría para todos, pero esas bonificacións deben solicitálas as propias empresas, non pode ser o Concello quen as de, teñen que solicitálas as empresas, nada mais.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 01 (Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** declarar de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento de emprego, a construción da nave industrial para almacén de frío para produtos de alimentación nas parcelas 45-46-47-48 do parque empresarial de Nantes.



**SEGUNDO:** conceder unha bonificación do 50 % da cota do ICIO á empresa mercantil XESNOVA GLOBAL SL pola construción da nave de referencia, deixando claro que o contrato laboral dos tres novos postos creados deben ter as características da modalidade de xornada completa.

**TERCEIRO:** comunicar á mercantil que a documentación xustificativa da contratación dos novos traballadores, (altas na seguridade social, contratos de traballo e certificados de estar ao corrente nos pagos ás administracións públicas e a seguridade social) deben presentarse dentro do prazo dos seis meses seguintes ao intre da alta da actividade económica no IAE, podendo requirir o concello de Sanxenxo a documentación que corresponda para a comprobación do mantemento no futuro das circunstancias que se teñen en conta para a concesión da bonificación” .-----

### **C) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010587 DO 06/11/2020), ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2020. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010587, o día 06 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:**

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2019, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 04 de novembro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 204 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 204.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010589 DO 06/11/2020), ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 04 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010589, o día 06 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:**

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2020, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.





Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2020 e o 3º trimestre de 2020 é a seguinte

2º trim 20	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	79,96	21,56	22,88	9,38	19,74
PMPP	202,74	290,91	23,42	0,00	0,65

3º trim 20	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	27,03	30,95	28,17	9,40	5,24
PM66	32,39	163,53	21,50	12,00	1,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha



contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 05 de febreiro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 19 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 19.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 ((R. DE ENTRADA NÚM. 2020010590 DO 06/11/2020), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 30/10/2020 REMITIUSE ÁO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A CERTIFICACIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2018. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010590, o 6 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:**



“Con data 30.10.20 remitiuse, vía telemática, ao Ministerio de facenda e administracións públicas a certificación do esforzo fiscal correspondente ao exercicio de 2018. Sanxenxo, 04 de novembro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 04 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 04.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010591 DO 06/11/2020), COMUNICANDO QUE, CON DATA DO 30/10/2020, SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME DO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020.** O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010591, o 6 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao terceiro trimestre de 2020, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 30.10.20, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 04 de novembro de 2020”.

Adxunto a este escrito figuran 16 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 16.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010592 DO 06/11/2020), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 30/10/2020 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CALCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES, REFERIDO AO 3º TRIMESTRE DE 2020.** O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o



escrito do **Sr. Interventor** do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010592, o 6 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 30.10.20, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao terceiro de 2020, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 04 de novembro de 2020.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/202020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010593 DO 06/11/2020), ACHEGANDO XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2019, CON TODOS OS DOCUMENTOS ANEXOS, RELATIVO ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.” E “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor** do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010593, o 6 de novembro de 2020, que a continuación se transcribe literalmente:**

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remítolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2019, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L. e Insula Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación.”

Adxunto a este escrito figuran 36, co selo do concello e numerados do 01 ao 36.

**A Corporación deuse por decatada.**-----



13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 04/11/2020 (R. DE ENTRADA NÚM. 2020010594 DO 06/11/2020), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 30/10/2020, SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A INFORMACIÓN EN RELACIÓN CO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS REFERIDOS AO EXERCICIO DE 2019 DOS SEGUINTE ENTES: CONCELLO DE SANXENXO, "OA TERRA DE SANXENXO", "NAUTA SANXENXO, S.L.", "INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L." E "TURISMO DE SANXENXO, S.L.". O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor do 4 de novembro de 2020, rexistrado de entrada co número 2020010594, o 06 de novembro de 2020, que, a continuación, se transcribe literalmente:

"Con data 30.10.20 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio 2019."

Adxunto a este escrito figuran 128, co selo do concello e numerados do 01 ao 128.

A Corporación deuse por decatada.-----

14º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2018/2019". Polo Sr. Secretario dáse conta das solicitudes de subvencións solicitadas á Deputación Provincial de Pontevedra no "Plan Concellos 2018/2019", mediante as seguintes resolucións que, a continuación, se transcriben literalmente:

#### 1º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO 13 DE NOVEMBRO DE 2020:

"En relación aos investimentos solicitados e executados nos que houbo diferencias entre o orzamento solicitado e o custe efectivamente xustificado e liquidado, ao abeiro da "Liña 1. Investimentos" das Bases Reguladoras de convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019) publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, o Concello de Sanxenxo dispón dun sobranche de 121.758,49 € das

Nº EXPTE.	INVESTIMENTO	BAIXA
2018050012	RENOV. FIRME NOS VIAIS: CAMIÑOS DAS SALINAS E CAMIÑO COSTIÑA A FONTE DE ONS	43.063,29 €
2018045783	ADECUACIÓN EDIF. E PARCELA CASA D. FERNANDO Á NORMATIVA ACCESIB PARA CASA XUVENTUDE	9.293,03 €
2018050268	INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABASTECIMENTO DE AUGA	40.416,36 €
2018049826	INSTALACIÓN REDE SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS LUGAR DE CANELAS (PORTONOVO)	12.274,86 €
2018034531	PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN ABASTECIMENTO AUGA EN VIAIS MUNICIPAIS	16.710,95 €
	<b>TOTAL SOBRENTE BAIXAS</b>	<b>121.758,49 €</b>

baixas xeradas nos investimentos, tal e como se detalla a continuación:



O total sobrante das baixas das actuacións indicadas é de 121.758,49 €. Tal e como indica a base décimo sexta das mencionadas bases, pódese solicitar a acumulación das baixas superiores a 6.000 euros obtidas no exercicio 2018 coas baixas superiores a 6.000 euros obtidas no exercicio 2019, en base a elo, esta Alcaldía,

## **RESOLVE:**

1. Solicitar á Deputación de Pontevedra a acumulación das baixas dos exercicios 2018 e 2019 para a súa aplicación nos investimentos que se indican a continuación, así como a súa aprobación e autorización da realización dos mesmos:

- PROLONGACIÓN REDES SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO AUGA-CATADOIRO (ADINA)
- DOTACIÓN ILUMINACIÓN LED VIAL MUNICIPAL A COSTA – DORRÓN
- REPARACIÓN FUGA AUGA EN REDE MUNICIPAL AUGAS RESIDUAIS - RÚA DOCTOR LALINDE DEL RÍO, 8 - PORTONOVO
- DOTACIÓN FIRME ZAHORRA VIAL MUNICIPAL - BALTAR (ADINA)

2. Solicitar para a realización dos investimentos sinalados no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe total de 37.922,76 € con cargo a acumulación das baixas dos exercicios 2018 e 2019 da Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cantidade que é a suma total dos proxectos:

- Prolongación redes Saneamento Augas Residuais e Abastecemento Auga-Catadoiro (Adina), investimento de 18.767,66 €
- Dotación Iluminación Led Vial Municipal A Costa – Dorrón, investimento de 7.070,08 €
- Reparación fuga Auga en Rede Municipal Augas Residuais - Rúa Doctor Lalinde del Río, 8 - Portonovo (Adina), investimento de 6.115,80 €
- Dotación Firme Zahorra Vial Municipal - Baltar (Adina), investimento de 5.969,22 €

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

4. Á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables redactados polos Técnicos Municipais,

### **Aprobar o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal denominado:**

- PROLONGACIÓN REDES SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO AUGA-CATADOIRO (ADINA)

### **Aprobar as memorias técnicas valoradas redactadas polo Enxeñeiro Técnico Municipal denominadas:**

- DOTACIÓN ILUMINACIÓN LED VIAL MUNICIPAL A COSTA – DORRÓN
- REPARACIÓN FUGA AUGA EN REDE MUNICIPAL AUGAS RESIDUAIS - RÚA DOCTOR LALINDE DEL RÍO, 8 - PORTONOVO
- DOTACIÓN FIRME ZAHORRA VIAL MUNICIPAL - BALTAR (ADINA)."

## **2º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO 18 DE NOVEMBRO DE 2020:**

“En relación aos investimentos solicitados e executados nos que houbo diferencias entre o orzamento solicitado e o coste efectivamente xustificado e liquidado, ao abeiro da “Liña 1. Investimentos” das Bases Reguladoras de convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019) publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, o Concello de Sanxenxo dispón dun sobrante de 121.758,49 € das baixas xeradas nos investimentos, tal e como se detalla a continuación:



Nº EXPTE.	INVESTIMENTO	BAIXA
2018050012	RENOV. FIRME NOS VIAIS: CAMIÑOS DAS SALINAS E CAMIÑO COSTIÑA A FONTE DE ONS	43.063,29 €
2018045783	ADECUACIÓN EDIF. E PARCELA CASA D. FERNANDO Á NORMATIVA ACCESIB PARA CASA XUVENTUDE	9.293,03 €
2018050268	INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERIA ABASTECIMENTO DE AUGA	40.416,36 €
2018049826	INSTALACIÓN REDE SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS LUGAR DE CANELAS (PORTONOVO)	12.274,86 €
2018034531	PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN ABASTECIMENTO AUGA EN VIAIS MUNICIPAIS	16.710,95 €
	<b>TOTAL SOBRANTE BAIXAS</b>	<b>121.758,49 €</b>

O total sobranse das baixas das actuacións indicadas é de 121.758,49 €. Tal e como indica a base décimo sexta das mencionadas bases, pódese solicitar a acumulación das baixas superiores a 6.000 euros obtidas no exercicio 2018 coas baixas superiores a 6.000 euros obtidas no exercicio 2019, en base a elo, esta Alcaldía,

## RESOLVE:

1. Solicitar á Deputación de Pontevedra a acumulación das baixas dos exercicios 2018 e 2019 para a súa aplicación nos investimentos que se indican a continuación, así como a súa aprobación e autorización da realización dos mesmos:

- RECUPERACIÓN CAUCE REGO DO SEAR E MELLORA CRUCE CAMIÑO MUNICIPAL – BORDÓNS: 28.687,60 €
- PROLONGACIÓN REDE ABASTECIMENTO AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO AUGAS - PIÑEIRO (VILALONGA): 14.534,08 €
- HUMANIZACIÓN DA RÚA VENTO (PADRIÑÁN): 40.614,05 €

2. Solicitar para a realización dos investimentos sinalados no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe total de 83.835,73 € con cargo a acumulación das baixas dos exercicios 2018 e 2019 da Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cantidade que é a suma total dos proxectos:

- Recuperación Cauce Rego Do Sear E Mellora Cruce Camiño Municipal – Bordóns, investimento de 28.687,60 €
- Prolongación Rede Abastecemento Augas Residuais e Abastecemento Augas - Piñeiros (Vilalonga), investimento de 14.534,08 €
- Humanización Da Rúa Vento (Nantes), investimento de 40.614,05 €

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

4. Previo á aprobación dos proxectos, redactados por Francisco Javier Carballo Núñez, Enxeñeiro De Caminos, Canles e Portos:

- RECUPERACIÓN CAUCE REGO DO SEAR E MELLORA CRUCE CAMIÑO MUNICIPAL – BORDÓNS, solicitouse autorización sectorial a Augas de Galicia e ao Instituto de Estudos do Territorio, por estar afectado polas actuacións a levar a cabo.
- HUMANIZACIÓN DA RÚA VENTO (PADRIÑÁN), solicitouse autorizacións sectoriais ao Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, aínda que non existe afectación directa, a obra remana na estrada provincial EP-9205; e a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, pois a obra empeza no entorno da estrada PO-504, non hai actuación sobre a mesma, pero encóntrase na franxa de afectación.



Previo a aprobación do proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal denominado: PROLONGACIÓN REDE ABASTECIMENTO AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO AUGAS - PIÑEIRO (VILALONGA), solicitouse autorización sectorial ao organismo Instituto de Estudos do Territorio, por estar afectado polas actuacións a levar a cabo.

*(Envíanse copias das solicitudes de autorizacións sectorias enviadas aos distintos organismos)."*

### **3º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO 18 DE NOVIEMBRE DE 2020:**

"En relación á Resolución da Alcaldía de data 13/11/2020 referente ás solicitudes de subvencións á Deputación de Pontevedra en relación aos investimentos solicitados e executados nos que houbo diferencias entre o orzamento solicitado e o custe efectivamente xustificado e liquidado, ao abeiro da "Liña 1. Investimentos" das Bases Reguladoras de convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019) publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, o Concello de Sanxenxo dispón dun sobranse de 121.758,49 € das baixas xeradas nos investimentos

O día 13/11/2020 solicitáronse pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra os seguintes actuacións:

- PROLONGACIÓN REDES SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E ABASTECIMENTO AUGA-CATADOIRO (ADINA), INVESTIMENTO DE 18.767,66 €
- DOTACIÓN ILUMINACIÓN LED VIAL MUNICIPAL A COSTA – DORRÓN, INVESTIMENTO DE 7.040,08 €
- REPARACIÓN FUGA AUGA EN REDE MUNICIPAL AUGAS RESIDUAIS - RÚA DOCTOR LALINDE DEL RÍO, 8 - PORTONOVO (ADINA), INVESTIMENTO DE 6.115,80 €
- DOTACIÓN FIRME ZAHORRA VIAL MUNICIPAL - BALTAR (ADINA), INVESTIMENTO DE 5.969,22 €

O día 16/11/2020 dende a Deputación indícase que as actuacións deben de ter un investimento igual ou superior a 6.000 €, polo que modifícanse ás memorias técnicas valoradas,

#### **Polo exposto anteriormente, R E S O L V O:**

1. Modificar no punto 2 da devandita Resolución, o referente aos investimentos seguintes, pasando a ser:

- Dotación Iluminación Led Vial Municipal A Costa – Dorrón, investimento de 6.899,70 €
- Dotación Firme Zahorra Vial Municipal - Baltar (Adina), investimento de 6.139,59 €

#### **2. Aprobar as memorias técnicas valoradas seguintes:**

- DOTACIÓN ILUMINACIÓN LED VIAL MUNICIPAL A COSTA – DORRÓN
- DOTACIÓN FIRME ZAHORRA VIAL MUNICIPAL - BALTAR (ADINA)

Redactadas polo Enxeñeiro Técnico Municipal, A vista dos informes técnicos e xurídicos favorables emitidos polos Técnicos Municipais, de data 17/11/2020."

**A Corporación deuse por decataada.-----**

**15º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 19 DE NOVIEMBRE DE 2020, MODIFICANDO A HORA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DO DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2020.** Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía do **19 de novembro de 2020**, que, a continuación, se transcribe literalmente:

**"Expte. núm. 2019004673**

Á vista de varios problemas sobrevidos para a celebración da sesión ordinaria da Comisión de Asuntos Xerais do próximo día 24 de novembro de 2020, esta alcaldía actal., en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,





**RESOLVE:**

**PRIMEIRO:** modificar a hora de celebración da sesión ordinaria da Comisión de Asuntos Xerais, do día 24 de novembro de 2020, que pasará a ser ás 08:30 horas.

**SEGUNDO:** dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.”

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**16º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE XULLO AO 30 DE SETEMBRO DE 2020 (DE RES. Nº 1.002/2020 A RES Nº 1.653/2020).** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas dende o 01 de xullo ao 30 de setembro de 2020 (de Res. Nº 1.002/2020 a Res. Nº 1.653/2020) dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

**MOCIÓNS:**

**Sr. Presidente:**

Hai algunha moción por parte de vostedes? Nada, hai dúas mocións por parte do Partido Popular, a primeira delas vai lela a Concelleira de Cultura e Educación. Teñen todos as mocións?

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Eu non as teño, pero igual a culpa é miña, que non sei cando mo mandaron, pero onte e hoxe non puiden abrir o correo e non as teño, pero será culpa miña seguramente, pero non pasa nada, explícaa e eu enténdoa perfectamente e non fai falta que a leas.

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR A MODIFICACIÓN DA LEI CELAÁ E GARANTIZAR OS DEREITOS CONSTITUCIONAIS (RE NÚM. 2020011408 DO 27 DE NOVEMBRO DE 2020).**

**Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP:**

Boas noites a todos e a todas antes de nada, imos debater unha moción sobre a Lei CELAÁ, a nova lei de educación que se está tramitando agora mesmo no Parlamento, acabou no Congreso e empeza o seu debate no Senado, para non lela toda, porque é bastante extensa, imos ir ás propostas de acordo, pois se poden ir dando conta de por onde imos.

**A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP,** deu lectura ás propostas de acordo da moción que, a continuación, se transcribe literalmente:



“O grupo Municipal Popular no concello de Sanxenxo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ó Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A nova lei educativa, a Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) ou "lei Celaá" foi tramitada polo Goberno de España de costas á comunidade educativa en particular e á sociedade española en xeral:

-Iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de alarma e o Goberno utilizou a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e furtar o debate que unha lei destas características esixe.

-O proxecto de lei non foi informado polo Consello de Estado nin polo Consello Escolar do Estado.

-Rexeitouse a solicitude do Grupo Popular para que expertos e representantes da comunidade educativa (profesores, pais, alumnos, etc.) informasen e asesorasen á Comisión de Educación e FP do Congreso. Un feito sen precedentes no debate doutras leis educativas.

-A votación de todas as emendas ao articulado e o debate público na Comisión de Educación e Formación Profesional do Congreso desenvolveuse nunha única sesión. Os diferentes grupos parlamentarios tiveron que debater e votar nunha única sesión máis de mil emendas.

Ademais desta falta de diálogo, consenso e transparencia, a "lei Celaá" representa a imposición dun modelo caduco, anticuado e superado, o de LÓEA de Zapatero que conduciu ao noso país a taxas de abandono educativo temperán próximas ao 30%. A LOMLOE representa un regreso aos principios da LOGSE tan nefastos para o conxunto do sistema educativo.

A LOMLOE (tanto na súa redacción orixinal como a través das emendas presentadas por PSOE e Podemos en conivencia cos partidos separatistas) supón a ruptura do Pacto Constitucional en materia educativa:

1.-Suprime as liberdades educativas consagradas no Artigo 27 da Constitución Española e con iso impide ás familias españolas elixir a educación e o centro educativo que queren para os seus fillos.

2.-Ignora as competencias exclusivas do Estado establecidas no Artigo 149 dela Constitución, de regulación das normas básicas do desenvolvemento do dereito á educación e a liberdade de ensino ademais de en a obtención, expedición e homologación de títulos.

3.-Elimina a condición do castelán como lingua oficial do Estado e como lingua vehicular no ensino, no marco dun bilingüismo ou trilingüismo integrador.

Desde o Partido Popular consideramos a LOMLOE un ataque frontal á nosa democracia e un freo para que o noso sistema educativo alcance os niveis de calidade, equidade e liberdade propios dos sistemas educativos máis modernos e innovadores, aqueles que permitiron avanzar cara a niveis moi importantes de coñecementos e competencias. Por iso o Grupo Municipal Popular de Sanxenxo, presenta a seguinte:

## **PROPOSTA DE ACORDO**

1.- Instar o Goberno de España a volver ao Pacto Constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias para elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos, así como a presenza no sistema educativo dos centros de ensino diferenciado como unha opción pedagóxica máis ás que as familias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade.

2.- Respectar e cumprir o Artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

3.- Adoptar as medidas oportunas para que o ensino da lingua castelá e as linguas cooficiais non sexa fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.



4.- Estender a gratuidade ás etapas post obrigatorias: Bacharelato e Formación Profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.

5.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo especializado e plural que permita elixir as familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.

6.- Incorporar as medidas de calidade e excelencia referentes nos países da nosa contorna co fin de superar os niveis de coñecementos e competencias esixibles aos sistemas educativos no marco europeo: avaliación transparente e rendición de contas, autonomía dos centros, reforzo da función directiva, etc.

7.- Respetar os corpos nacionais do profesorado. Neste marco, aprobar un sistema de selección, formación e carreira profesional para os docentes que permita situarlle no epicentro da mellora da calidade do sistema educativo.

8.- Implantar aquelas medidas que incrementen a cohesión e vertebración do sistema educativo e garantan a igualdade de oportunidades:

-Creación dun Fondo de Cohesión Territorial que permita un financiamento adecuado das comunidades autónomas e permita actuacións preferentes naquelas zonas xeográficas ou centros educativos que precisen medidas de calidade específicas.

-Reforzo da Alta Inspección educativa para asegurar que o dereito á educación sexa exercido en igualdade de oportunidades en toda España e que os ensinos se imparten con observancia do disposto pola Constitución Española.

-Implantar unha proba xeral de Bacharelato, única en toda España conducente a título co fin de garantir uns niveis básicos de calidade en todo o sistema e asegurar a igualdade de oportunidades no acceso á universidade.

-Implantar un Plan de Avaliación Xeral do Sistema Educativo, de periodicidade trienal que permita ao estado dispoñer dun diagnóstico certo do sistema e adoptar as decisións adecuadas para a mellora continua do mesmo.

-Deseñar un currículo común en toda España que represente o 65% dos ensinos comúns nos seus propios termos naquelas CCAA sen lingua cooficial e o 55% naquelas que teñan lingua cooficial.

9.-Avanzar cara á modernización e transformación do sistema educativo.

Neste sentido:

-Desenvolver un Plan integral para a modernización e transformación dixital do sistema educativo avanzando cara ao pleno dominio por parte de todos os alumnos das competencias dixitais

-Incorporar a obrigatoriedade no sistema educativo español da aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira.

-Reforzar e modernizala formación profesional dual adecuándoa ás esixencias do noso modelo produtivo.

-Incorporar á lexislación básica dun Plan de emerxencia educativa para situacións de catástrofes, crises sanitarias ou contaminacións graves.

10.- Apoiar o recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Partido Popular contra a LOMLOE para garantir que non se vulneran dereitos recolleitos na nosa Carta Magna como a liberdade de elección ou o dereito para recibir educación en castelán, lingua oficial de España segundo marca o Art. 3 da Constitución.

11.- Dar traslado deste acordo ó Presidente do Goberno e á Ministra de Educación e Formación Profesional, así como aos portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.”

### **Sra. Lago Martínez:**

A urxencia ven dada pola tramitación na que se atopa agora mesmo esta lei, antes de aprobala creo que sería bo que tivésemos a oportunidade de consenso dos temas que aquí se expoñen.



A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

**Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP:**

Menos Yago, que non ten o texto da moción, eu quería que os demais portavoces, voceiros, que collan na proposta de acordo, no parágrafo un, queremos sacar do texto dende: *“así como a presente no centro educativo, no centro diferenciado, como unha opción pedagóxica mais ao que as familias teñen dereito a acceder en situación de igualdade”*, por tanto debaterase a moción sen esa parte, se? Entendéronme todos?

Pois o que dicía un pouco e o que di a exposición da propia moción, estamos a falar dunha lei de educación, é un tema que debe ser discutido e debe ser dialogado, sobre todo tendo en conta o consenso dos sectores da comunidade educativa deste país, que neste caso non se tiveron en conta e sabémolo, só houbo unha comisión para debater os temas e cremos que é o momento de todos, porque todas as medidas que van tomar van afectar a veciños e veciñas do Concello de Sanxenxo, igual que outros concellos, é o momento de tomar un parón nesta tramitación e poder chegar a consenso en moitos dos temas que están expostos.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Sobre este punto, simplemente dicir que é un punto que transcende o ámbito municipal, eu creo que a postura do partido que represento nestes momentos, neste Concello, que é Ciudadanos, está mais que claramente exposta pola nosa portavoz, Inés Arrimadas, por tanto remítome ás súas palabras. En canto ao contido exacto desta moción, tampouco podo votar a favor, este é o planteamento do PP, que se é certo que por parte de Ciudadanos coincidimos en non estar de acordo na Lei CELAÁ en diversos puntos, non en todos, por tanto voume abster e voume remitir, simplemente, á defensa da nosa postura que ten feito a nosa portavoz no Parlamento.

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Non, eu non vou dicir nada.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Nós imos votar en contra da moción, a moción é infumable, totalmente infumable e, aínda que nós abstivémonos no Congreso dos Deputados sobre a Lei CELAÁ, aínda que cremos que hai avances con respecto a LOMCE, se cremos que bastante mornos, ou sexa que, mesmo para nós son mornos os avances que hai, porque hai cousas como, por exemplo, queda sen fortalecer o ensino público, non se limita esencialmente o concertado, volve outra vez o tema da relixión, as garantías de financiamento, a redución de ratios, a gratuidade dos servizos complementarios, como, por exemplo, o autobús para bacharelato ou algunhas outras cousas, como poden ser os comedores, a elección democrática das direccións, que non está a pasar, sobre todo aquí, en Galicia e a mellora das condicións do persoal docente. Entón, se cremos que, aínda mesmo nesas materias, tería que ser bastante mais dura a Lei CELAÁ, moito mais infumable é a moción, que, por certo, lémbrolle ao Partido Popular, que o artigo 3 da Constitución Española, tamén ten un segundo punto, que ás veces se lles esquece, nada mais.



### **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Esta é unha moción tamén tipo, eu quero aquí facer mención a que o principal cambio desta lei vai enfocado ao sistema competencial da educación, estamos abocados a un novo cambio tecnolóxico, a industria tecnolóxica vai ser o futuro, non ten nada que ver as persoas que saian agora mesmo dun sistema educativo, coas que saían fai cen anos, onde queremos volver cunha Lei Wert, cambiar as competencias e os contidos enciclopédicos que se estaban impartindo, por un sistema competencial, onde as persoas aprendan a estudar, aprendan a pensar e non sexan simplemente cordeiros en masa, que parece ser que é o que queremos un pouco, persoas que aprendan conceptos e os repitan, sen pasar por ningún filtro crítico que lles permita avanzar, imaxinar, desenvolver novos sistemas. Creo que, agora mesmo, ten que cambiar todo o sistema de base dos contidos, para poder facer persoas mais adaptadas ao novo futuro que nos vén a todos. Logo, por outro lado, quería facer mención a que a educación é un investimento, non é un gasto en se mesmo e parece que vostedes o converten todo en gasto, a educación é investimento, debemos de investir diñeiro para tamén investir en persoas, persoas que van ser as que van a levar o futuro desta sociedade, a administración ten que velar pola calidade e facer eficaz os servizos públicos que pagamos co diñeiro de todos e, isto, é competencia da administración pública, saber onde han de ofertarse as prazas, neste caso facendo mención á educación concertada, a administración ten que ser quen de saber onde instalar e incrementar prazas e ter o dereito e o deber de adxudicar prazas segundo o mais próximo que lle toque aos nenos, independentemente, por suposto, da demanda social, porque a demanda social, neste caso, non é o valor que debemos de ter como prioritario para elixir un colexio, xa que é co diñeiro de todos co que se están a pagar estes colexios, por tanto temos os mesmos baremos para poder entrar nun colexio ou noutro. Existen moitísimos outros puntos, o castelán que aparece como lingua vehicular, é unha palabra que se inventou na anterior lei, a Lei Wert, simplemente para primar o castelán, é marketing político, non deixa de ser algo que é simbólico, porque, evidentemente, ningún neno que saia do colexio hoxe en día, nin agora nin despois, vai deixar de saber falar castelán, porque está escrito na Constitución como tal, que é un deber da educación que sexa así, que saian con todas as competencias lingüísticas, en todas as linguas nacionais e, por suposto, autonómicas. Da relixión creo que non se fai mención, se, se que o fan, imos ver, a relixión, evidentemente, pasa de non avaliarse como media para acceder a outros ciclos superiores, porque haberá xente que non queira estudar relixión, por tanto non ten ningún sentido que se avalíe como tal, se que terá unha avaliación polos profesores, para que ese profesor avalíe se ese neno está a aprender a disciplina, tal cal eles consideran e eu creo que son uns privilexiados, neste caso, as persoas que teñen relixión católica, porque non hai outra relixión que poidan estudar, soamente pódese estudar relixión católica, por tanto é unha diferenza que fai a unha cultura na que estamos todos inmersos. Evidentemente a escola concertada non desaparece e, o que eu creo que é un logro, desaparece a segregación por sexos nas escolas concertadas, porque é algo do século pasado. Decía antes Sandra que é infumable esta moción e é verdade que é infumable, pero ademais confunde, confunde privilexios que hai, adoutramento con igualdade de oportunidades e liberdade, que son valores que deben estar inmersos nunha nova lei de educación, búscase o beneficio económico e ideolóxico e non se busca o servizo público, educativo e gratuíto e solidario para todos, que son valores que deben estar tamén inmersos, saben que



non é certo que se vaia a eliminar a relixión, saben que non é certo que se vaian a eliminar os centros de educación especial, senón que se vai dar a opción aos pais de poder elixir centro e, ademais, reforzando os centros públicos, nos cales se van poñer mais educadores e mais aporte de recursos materiais. A lingua castelán, por suposto, non se vai marxinar e, con respecto á educación especial, creo que é moi importante saber que a maioría dos pais e todos os organismos, o que pretenden e que se integren nas escolas e con todos os demais nenos, porque é a forma de facer unha integración real e non separándoos do resto, dunha maneira que, ao final, os estamos sinalizando como distintos. Con respecto ao investimento, dicir que, no 2010, a media de investimento en España, en educación, era un 5% e, agora, é un 4,2%, que o 44% do fracaso escolar de maneira temperá prodúcese nos nenos dos fillos de traballadores e traballadoras, non nas persoas de elite social clasista, economicamente, porque aí teñen medios, por tanto non estamos a facer unha educación igualitaria e coas mesmas oportunidades para todos. Con respecto á FP, tamén se comenta algo aquí, dicir que estamos, agora mesmo, nun 14% por debaixo da media europea, na FP está a desenvolverse xa unha nova lei, un proxecto de lei para mellorar a FP, todos os puntos que agora se aprobaron no Congreso van saír e vanse a desenvolver en novas ordenanzas e novas normas lexislativas, que se farán dunha maneira mais puntillosa, en resumidas contas non temos nada mais que dicir que, como dirían as miñas compañeiras “é unha moción Miss Universo”.

**Sra. Lago Martínez:**

Señora Rodríguez, entendo perfectamente o que di, débese a que xa están marcadas as súas directrices, en canto ao que opinan da Lei CELAÁ e Yago tamén, señora Fernández, non comparto o de infumable, pero se cadra, se que podo dicir que hai cousas que, ao mellor, son restacables da lei, eu non estou a dicir que todo, pero desde logo, hai temas que deixan moito que desexar, que terían que ser discutidos e a oportunidade non se deu. Agora vou facer a contestación a Ainhoa Fervenza, polo Partido Socialista, imos ver señora Fervenza, a educación en España, con esta, tería nove leis, nove leis que se tramitaron, dúas non chegaron a estar vixentes, con vixencia esta sería a sétima e, do PP, só unha, se o sistema educativo non funciona en canto a lexislación, se cadra, algo ten que ver o Partido Socialista, que tivo a maioría das leis aprobadas en vixencia, iso é algo que deben saber. Despois fálame do sistema competencial, tecnolóxico, nós queremos, pero a realidade do Concello de Sanxenxo en canto a infraestrutura e, aquí, a señora Fernández estivo como concelleira e sabe como están os centros educativos en canto infraestruturas, en canto a equipamento, en canto a recursos humanos e sabe que non é o desexable, vai dicir que é competencia da Consellaría, consulte con outras rexións e non somos unha illa aparte, isto pasa así en todos os lados, entón, de súpeto, din que van ter diñeiro para ter os centros dunha maneira, en dez anos, inigualable. Fálame de que a demanda social non se quita, a xente vai a poder optar igual a un centro concertado, aquí temos o centro concertado do Abrente, liberdade, vostede sabe en que momento se puxo dentro dunha lei o sistema educativo concertado? Vostede sabe quen foi? Non foi o PP, doulle unha pista, non foi o PP, no 1985, quen gobernaba? Naquel momento necesitabamos infraestruturas, naquel momento necesitabamos recursos, necesitamos dar a garantía para escolarizar a todo o alumnado, entón era un complemento da educación pública e, agora, de súpeto, é o inimigo número un da educación pública e, eses pais, veciños



nosos, que van ao Abrente, están a facelo fatal e os profesores que están alí. Non é que vostedes impidan a concertada, pero límitanlle a maneira de ter ingresos para poder subsistir e, iso branco e en botella, se vostede vai dando menos recursos para ingresar, acabarán desaparecendo, sabe que vai ser así e é moi complicado tomar decisións dese tipo, a eses alumnos imos ter que recollelos na pública e os ingresos terán que vir de moitos lados para chegar a iso, non so aquí, en Sanxenxo, nin en Galicia, en todas as Comunidades Autónomas. Iso o poño en relación, tamén, co que falan dos centros de educación especial, que mais quixésemos nós que que todos os rapaces entrasen nun centro e a inclusión funcionase ao 100%, vostede é coñecedora de que equipos directivos deste Concello traballaron intensamente coas familias para darlle lugar aos alumnos dentro do centro e tiveron que dicir que non e fracasaron no seu intento, a pesar deles, vostede sabe iso, un traballo que se fixo, estou a falar que todas as necesidades educativas poden integrarse, incluírse, pero neste caso se houbo intención para facer iso que vostedes queren en dez anos, que os centros de educación especial se poñan nos públicos, estamos a dicir que necesitamos un montón de ingresos, temos que cambiar as infraestruturas, temos que cambiar o equipamento, temos que cambiar os recursos que se van poñer a disposición para todo iso e, dígollo de verdade, polo que levo vivindo moitos anos, iso non vai pasar en dez anos, estamos a lle facer un dano ás familias que cren que o persoal cualificado e o espazo onde están os seus nenos é a mellor opción para que eses nenos evolucionen e desenvolvan o máximo de se, psicomotoramente, intelectualmente etc etc, estamos con individuos que necesitan unha atención moi especial, entón, aqueles que poidan estar integrados, eu creo que xa están, falar de mais é leala, o que se lle digo aquí é que, se cadra, estaría ben que todo o mundo puidese ter opción a acudir a un centro privado, todo o mundo con necesidade e demais, gratuito por parte do Estado, con recursos económicos para poder axudar ás familias a que escollan o centro que mais se adapta as necesidades dos seus nenos, iso se que sería bo, pero esa historia que se acaban de montar de que en dez anos desaparece case todo e faise un traspaso de alumnos porque vai haber uns centros mega fashion, mega guays, onde vamos a coller todos, non llo podo crer e non llo vai a crer ninguén que traballe na educación, nin sequera o profesorado, porque consultei con algunha xente, pode creerse que en dez anos iso sexa posible, entón digo, imos poñer os pes no chan tamén. Fálame da relixión, eu creo que todos os que estamos aquí fixemos a comunión, todos estamos bautizados, non temos ningún sarpullido, nin ningunha historia, todos somos respectuosos, entón eu entendo que a relixión non se quere que sexa avaliable, din que desaparece a alternativa á relixión, non desaparece de todo, en quinto e sexto e cuarto da ESO hai unha materia que se chama “Valores éticos”, que é obrigatoria e avaliable, se imos a sacalas, sacámolas todas, que como dicía a concelleira Fernández no punto 27.3 falamos da relixión, ten razón, pero tamén falamos de mais, non só da relixión, entón creo que estas cousas hai que telas en conta ou sexa, non se pode mandar unha lei na que non se conta con ninguén, tramítanse un montón de temas que non dan mais que para un texto acorde ao pacto que teñen vostedes no seu goberno en España e creo que non é o momento, vostedes levan feitas sete leis de educación, non lle gusta a nosa, vaian mellorala, pero non é este o texto definitivo que mellore a lei anterior, só dicirlle iso, grazas.



**Sra. Fernández Agraso:**

Tanto a señora Fervenza como a señora Lago falan de integrar, chámase inclusión, non é o mesmo, é moi distinto e creo que a inclusión, non a integración, é certo que en dez anos eu tamén o vexo bastante tal, pero é certo que esa debe ser a finalidade, porque se queremos que eses nenos, o día de mañá, estean en inclusión coa sociedade, xa ten que vir de atrás, entón esa é a finalidade, sempre e cando teñan todos os medios dispoñibles, tanto como psicomotricidade como psicolóxicamente, poder facer esa inclusión ao 100%, estamos a falar de que fan falta medios, pero se que a inclusión debe ser a finalidade. Logo fala de que a relixión non provoca un sarpullido, desde aquela, desde que nós fixemos a comunión, que hoxe en día é unha decisión, daquela supoño que tamén, pero menos, non imos a meternos como estabamos daquela coa relixión, pero agora mesmo é unha decisión persoal, pero este é un estado laico, non nos esquezamos, é un estado laico e a educación debe ser laica e non é comparable a relixión cos valores éticos, a non ser que se estude todas as relixións, unha materia que sexan todas as relixións e que cada un elíxaa, non a relixión católica porque se, porque é o que estaba antes e os valores éticos non teñen nada que ver coa relixión e, desde logo, creo que cada vez debería estudarse bastante mais, fomentarse bastante mais o valor ético, sobre todo con esta pandemia está a verse a xente moi empática, pero tamén hai xente que os valores éticos téñenos no subsolo, entón é certo que debería ser unha materia obrigatoria, mesmo para adultos. Fala do tema da concertada e fala, mesmo, de que para nós estao a facer fatal, non sei se a concertada faio ben ou faio mal, non me vou a meter niso, a finalidade debe ser que todo poida meterse na pública e, quen queira a privada, que a pague e, senón, na pública e o profesorado da concertada, debería saber vostede e creo que o sabe, porque supoño que terá coñecidos nalgúns colexios concertados, os profesores da concertada, as súas condicións de traballo, o seu soldo, ás veces deixa moito que desexar e como acceden a ese posto de traballo, ás veces tamén deixan moito que desexar, non na pública, que é mediante unha oposición e cuns postos de traballo que poderían ser mellorables, pero bo, está bastante ben, entón, que é mellorable esta lei? Se, por iso o BNG, no Congreso, abstívose, pero que é mellor que a do PP? Tamén.

**Sra. Fervenza Celestino:**

A contestación case a deu xa Sandra, nós, desde logo, non estamos en contra da educación concertada, o que queremos é que a educación concertada estea baixo o mesmo prisma e os mesmos valores que a educación pública, o que non podes é que, co diñeiro de todos, paguemos unha educación distinta a uns cantos que, ademais, se encargan, de algunha maneira, de votar ás persoas que lle son ingratas ou molestas nos seus propios centros, poñéndolles dificultades e esa é a realidade, porque os profesores, como ben sabemos na educación concertada, están contratados por un director/a dun centro, que tamén ten intereses económicos e que están, dalgunha maneira, sometidos baixo o poder vertical desa entidade, que non é o que ocorre na educación pública, na educación pública a ninguén lle vai dicir ninguén “hai que votar ou expulsar, ou facer que esta persoa se sinta incómoda ou molesta” por tanto, entendemos que a educación hai que igualala, en igualdade ten que estar toda baixo o mesmo baremo para entrar nun colexio ou entrar noutro e, quen ten que decidir iso, é a administración pública, que é a que está xestionando o diñeiro de todos, porque queremos unha educación igual, equitativa para todo o mundo. Con respecto aos





valores éticos, para min equiparar a materia de ética con relixión, xa me parece irme ás antípodas do que eu entendo como unha educación con valores morais e sociais e eu non estou a dicir que a relixión non os teña, porque ten os seus, pero non son os xenerais, universais de toda a sociedade, na que queremos educar aos nosos fillos. A Lei CELAÁ non é unha lei perfecta, desde logo que se pode mellorar en moitas cosas, pero é un paso e un apoio á educación pública, porque defende e apoia a igualdade de oportunidades, unha escola pública de calidade, universal, laica, integradora e totalmente gratuíta para todas as persoas e, por iso, desde logo, imos votar en contra desta moción.

**Sra. Lago Martínez:**

Simplemente para rematar, ten razón a señora Fernández, cando fala da relixión, non falo só da católica, non non, relixión dixeran, ten que ter cabida todo, como pon o artigo 27.3 da Constitución. En canto a concertada, dicía a señora Fervenza que cumpra coas mesmas normas que cumpre a educación pública, está claro que ten que ser fiscalizada por un inspector e cuns trámites na Consellaría e eu dígolle, igual non son suficientes, pois non serán suficientes, pero non creo que a maneira que tomaron de levala a cabo neste texto da lei, sexa adecuada, non creo, creo que se se fixese falta e fose un complemento da educación que se necesitaba agora mesmo, o trato debería de ser outro e, se cadra, se marcar medidas e pautas, como dicía a señora Fernández e demais, pero non dicirlle, simplemente, que se lle vai ir acoutando e limitando, ata que desaparezan. Respecto que o texto non lles parece idóneo, é o texto do Partido Socialista, a educación sempre trae controversias, nós queríamos plasmar aquí temas que cremos que sería bo haber consensuado, haber falado de mais, igual non teremos nós a razón de todo, pero vostedes tampouco e o que cremos e que se temos que sentar unha lei educativa que quede por anos, que non sexa cambiábel cada catro anos ou cada oito anos e que iso repercuta no noso futuro, que son os alumnos e alumnas que temos agora mesmo, entón, esa era a idea e, nese sentido, cremos que na súa responsabilidade queda o poder paralizala, para poder falala e retomala.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción coa modificación apuntada pola Sra. Lago Martínez antes do debate**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos en contra: 05 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal do BNG).**

**Votos pola Abstención: 02 (Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción resultou aprobada, adoptándose os seguintes acordos:**

“1.- Instar o Goberno de España a volver ao Pacto Constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias para elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos.



2.- Respetar e cumprir o Artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

3.- Adoptar as medidas oportunas para que o ensino da lingua castelá e as linguas cooficiais non sexa fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.

4.- Estender a gratuidade ás etapas post obrigatorias: Bacharelato e Formación Profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.

5.- Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo especializado e plural que permita elixir as familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.

6.- Incorporar as medidas de calidade e excelencia referentes nos países da nosa contorna co fin de superar os niveis de coñecementos e competencias esixibles aos sistemas educativos no marco europeo: avaliación transparente e rendición de contas, autonomía dos centros, reforzo da función directiva, etc.

7.- Respetar os corpos nacionais do profesorado. Neste marco, aprobar un sistema de selección, formación e carreira profesional para os docentes que permita situarlle no epicentro da mellora da calidade do sistema educativo.

8.- Implantar aquelas medidas que incrementen a cohesión e vertebración do sistema educativo e garantan a igualdade de oportunidades:

-Creación dun Fondo de Cohesión Territorial que permita un financiamento adecuado das comunidades autónomas e permita actuacións preferentes naquelas zonas xeográficas ou centros educativos que precisen medidas de calidade específicas.

-Reforzo da Alta Inspección educativa para asegurar que o dereito á educación sexa exercido en igualdade de oportunidades en toda España e que os ensinos se imparten con observancia do disposto pola Constitución Española.

-Implantar unha proba xeral de Bacharelato, única en toda España conducente a título co fin de garantir uns niveis básicos de calidade en todo o sistema e asegurar a igualdade de oportunidades no acceso á universidade.

-Implantar un Plan de Avaliación Xeral do Sistema Educativo, de periodicidade trienal que permita ao estado dispoñer dun diagnóstico certo do sistema e adoptar as decisións adecuadas para a mellora continua do mesmo.



-Deseñar un currículo común en toda España que represente o 65% dos ensinos comúns nos seus propios termos naquelas CCAA sen lingua cooficial e o 55% naquelas que teñan lingua cooficial.

9.-Avanzar cara á modernización e transformación do sistema educativo.

Neste sentido:

-Desenvolver un Plan integral para a modernización e transformación dixital do sistema educativo avanzando cara ao pleno dominio por parte de todos os alumnos das competencias dixitais

-Incorporar a obrigatoriedade no sistema educativo español da aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira.

-Reforzar e modernizala formación profesional dual adecuándoa ás esixencias do noso modelo produtivo.

-Incorporar á lexislación básica dun Plan de emerxencia educativa para situacións de catástrofes, crises sanitarias ou contaminacións graves.

10.- Apoiar o recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Partido Popular contra a LOMLOE para garantir que non se vulneran dereitos recolleitos na nosa Carta Magna como a liberdade de elección ou o dereito para recibir educación en castelán, lingua oficial de España segundo marca o Art. 3 da Constitución.

11.- Dar traslado deste acordo ó Presidente do Goberno e á Ministra de Educación e Formación Profesional, así como aos portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.”-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII) (RE NÚM. 2020011407 DO 27 DE NOVEMBRO DE 2020).**

**Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP:**

Ola, boas noites a todos e a todas, eu se que vou a ler a exposición de motivos, xa que Yago non a ten, porque realmente, nas propostas de acordos, non se aclara moito, entón, como tampouco é moi larga, se vos parece, se que a vou a ler.

A **Sra. Martínez Santos** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Popular de Sanxenxo conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no **Suministro Inmediato de Información (SII)**, que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) conséntase que **este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.**

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: "La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios **significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones**".

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Facenda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso do noso concello a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi de 3.109.126,47€ e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 2.996.850,35€, o que nos obrigou a reintegrar ao Estado 112.276,12€. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresarnos os 44.009,24€ que nos corresponderían pola liquidación na Participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplicouse o SII. Isto faría un total de 156.285,36€ (112.276,12€+44.009,24€).

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Facenda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña "xustificación real" ou que "ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA".

Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos non só recuperar uns ingresos que llexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular de Sanxenxo presenta a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDOS

1. Declarar o apoio deste concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).

2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 156.285,36 € en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).

3. Dar traslado destes acordos ó Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP."



**Sra. Martínez Santos:**

Xustificamos a urxencia porque, tal e como se pon na propia moción, os meses pasan e os concellos necesitamos recuperar eses ingresos que lexítimamente nos pertencen, estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os concellos galegos que vemos así diminuída a nosa capacidade de financiamento e nosos recursos e, por iso, pido que voten a favor da urxencia.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

**Sra. Martínez Santos:**

Eu, como creo que queda bastante ben explicada na moción, vou escoitar se teñen algunha dúbida os meus compañeiros e, se teñen algunha dúbida, pois fago un pequeno explicativo, segundo eles vaian falando.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Sobre este tema creo que, aínda, non sei se foi no pleno anterior ou fai dous plenos, que se trouxo unha moción similar na que se falaba, efectivamente, das cantidades de IVE que non estaban sendo entregadas por parte da Axencia Tributaria Estatal aos concellos, creo que, non lembro ben, pero o que se lembro é que nós votamos a favor, creo que o resto dos grupos municipais tamén, porque coincidiamos todos en que eses cartos, se pertencen a administración municipal, pois é lóxico que se revertan á administración municipal que, ao final, é a que está mais próxima aos veciños e que, probablemente, poida solucionar as súas necesidades de forma mais efectiva, por tanto, daquela vez, votamos a favor, a única diferenza que encontramos na moción que se trae hoxe con respecto á outra vez, é a cantidade que se explícita, a cantidade, nós, evidentemente, non temos acceso a eses datos, por tanto non sabemos se é correcta, pero, no fondo de moción, reiteramos o dito na vez anterior, porque era practicamente idéntica a esta

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Primeiro pedirvos perdón a todos os concelleiros, porque non abrín as mocións, non as puiden ler e, en especial, ás do PP, porque son mocións do PP, pero polo meu voto non vamos perder de gañar en Sanxenxo nin un céntimo, iso está claro, eu estou a favor.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Nós tamén imos votar a favor, é unha reivindicación, tanto da FEGAMP como da FEMP, isto xa se levou a outros concellos e aprobouse, tamén se levou ao Parlamento Galego e tamén se aprobou e, o que se votamos de menos e que nos gustaría, é que o PP de Sanxenxo solicite a Feijóo que reclame tamén, non só o IVE, senón tamén os 170 millóns que lle corresponden a Galicia por incentivo por cumprimento da regra de gasto, que é a metade do que o Estado nos debe, porque se que estaría ben que, á parte de pedir iso, que se pidan os 170 millóns que nos deben e, logo, tamén, hai que dicilo todo, porque a moción non o di, ese cambio, polo que agora este goberno ten que pagar este IVE, vén de Montoro, da época de Rajoy, quero dicir que é un cambio



de criterio que fixo o señor Montoro e que, agora, a estas alturas, aínda estamos con isto. Se señor Guisasola se, vén da época de Montoro, se quero ensínolle cando foi, que o teño aquí diante, é da época de Rajoy, cando cambiaron ese criterio no tema do IVE coas empresas grandes e, agora, “deses lodos, estes barros” ou como sexa o refrán.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Nós, tamén, comentar que, evidentemente, este é un problema que xerou o PP, non soamente co problema de cambiar no seu momento o transvasamento económico dun IVE dun exercicio a outro e quedándose aí colgado, nun limbo legal, non podéndose recuperar nese momento e, despois, coa Lei Montoro, que veu emendarlle a plana a gobernos do PP, moitos dos gobernos do PP que estaban a entrar en barrena en concellos en banca rota e que tiveron que ser adheridos por culpa da súa mala xestión e a súa falta de praxes, por exemplo concellos como o de Vilanova, que é o Concello mais endebedado de toda Galicia, ou concellos como Madrid, o mais endebedado de toda España, que tamén estaba gobernado polo PP, antes de Carmena. Entón, por esas malas xestións de vostedes, tivemos que ser todos intervidos e dar este problema que estamos agora falando aquí. Nós tamén queremos que lle pida a Xunta de Galicia eses cartos que nos interviñeron do 2018, que tamén é noso, entón cando vostedes pídalle iso, porque non o piden xa? Debería estar aquí, adxunto nesta moción tamén, nós entendemos que os cartos que son nosos, son nosos, sabemos que van vir de volta, porque o Partido Socialista é o que está a buscar as solucións para que veña todo de volta aos concellos, como ten que ser e como non debeu ser en ningún momento, por culpa do PP, por tanto, nun principio estamos a favor de que se devolvan os cartos, estase facendo, por tanto non ten ningún sentido esta moción, desde o noso punto de vista e imos votar en contra.

**Sra. Martínez Santos:**

Eu quero agradecer os votos a favor dos grupos que van votar a favor e dicirle a Ainhoa que, se os cartos van vir de volta, é o mellor, é o que queremos todos os veciños e nos queremos apoiar esta proposta da FEMP e da FEGAMP, que isto se faga canto antes para o ben dos veciños.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 03 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

**Votos pola Abstención: 0.**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.** -----

**ROGOS:** non se formularon.



## **PREGUNTAS:**

### **Sr. Presidente:**

Paso a dar resposta ás preguntas que quedaron pendentes do último pleno ordinario.

1ª) A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, preguntou as razóns polas que continúa pechada a piscina municipal.

### **Sr. Presidente:**

Teño que dicirlle que naquel momento estaban as cousas un pouquiño mellor, pero tampouco están peor e eu non creo que a piscina se poida abrir de momento, ata que se poña isto un pouco mellor, as cousas non están nada ben sanitariamente dicindo, como todos vostedes coñecen, vale?

2ª) A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, preguntou se o concello ten a intención de incluír a toda a plantilla do SAF na posible externalización do servizo.

### **Sr. Presidente:**

Eu teño que dicirlle que se, xa o dixemos sempre, dende o primeiro momento, de que o persoal todo vai a pasar, estase co proceso agora mesmo do tema do servizo de Axuda no Fogar, de acordo?

3ª) A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, preguntou que trámites se están a seguir no expediente de contratación da xestión de servizos públicos de auga, saneamento e depuración (actualmente xestionada por “Espina & Delfín”) porque está a rematar o prazo de concesión e das prórrogas.

### **Sr. Presidente:**

A prórroga finaliza o 31 de decembro deste ano e estamos pendentes do estudo económico-financeiro de viabilidade para facer, para incoar digamos, o expediente para a futura concesión, entón que pasa, que é verdade, que con toda esta pandemia, vai cun pouco de atraso e, seguramente, teremos que facer un pleno antes do final de ano, para dicir, mais ou menos, os prazos do que sería ese expediente, esa incoación do expediente e de quedarlle a prórroga a quen está levando o servizo, ata que se adxudique ao seguinte, creo eu que é o que faremos, outra causa non se vai poder facer e teño que dicir que saben vostedes, que estamos, agora mesmo, tratando o convenio todo e, por iso, tamén leva algún atraso todo isto, o tema da ampliación da Depuradora de Paxariñas, é un tema moi complicado e dependemos moito da empresa estatal, de Acuaes, pero eu creo que antes de final de ano teremos que facer ese pleno, seguramente, pero non lles podo dicir mais agora mesmo.

4ª) A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, expuxo que aínda que non é obrigatorio o transporte escolar para os alumnos de bacharelato do Instituto de Vilalonga, é unha desigualdade que polo traslado destes alumnos (por exemplo das zonas de Areas, Bordóns e Dorrón) teñan que abonar uns cen euros ao mes mentres que o transporte é gratuíto para o ensino obrigatorio. Preguntou se se fixo algunha xestión por este tema.



**Sr. Presidente:**

Eu teño que dicirle que Sanxenxo está incluído no convenio de transporte interurbano, que nos custou deus e axuda meternos aí, non saben os problemas que había con Pontevedra, cando se firmou todo isto e que, por tanto, calquera mozo, de entre 14 e 21 anos, ten transporte gratuíto, tanto nas rutas escolares como nas convencionais, por tanto terán que facer a xestión, pero outra cousa mais non lle podo dicir, Sanxenxo está acollido nese convenio e, por tanto, ten o transporte gratuíto.

5ª) O **Sr. Torres Pérez , concelleiro do Grupo Municipal Mixto** preguntou cando se ten previsto urbanizar a zona situada diante de “Casa Alvarito” porque o demandan varios veciños que incluso plantexan construír unha rotonda na zona.

**Sr. Presidente:**

O outro día estiven coa Conselleira de Infraestruturas da Xunta e a previsión é de mellorar, desde a zona onde está a entrada de Rafael Picó, onde está o campo de fútbol, da rotonda grande ata a rotonda de Canelas, de mellorar todo ese tramo e, por tanto, que toda esa zona quede como lle corresponde, facer aí o bulevar que merece Portonovo, sería desde a rotonda, onde está a entrada de Portonovo, onde está o campo de fútbol, ata a última rotonda que se fixo coa actuación da PO-308.

6ª) O **Sr. Torres Pérez , concelleiro do Grupo Municipal Mixto** preguntou cando se van a acometer as obras de construción de beirarrúas da estrada da Arnosa porque está en situación terceiromundista con risco para os rapaces que van andando ao instituto e que precisan beirarrúas.

**Sr. Presidente:**

Se, a principios de ano deberíamos ter ese proxecto connosco para ensinarllo, para despois facer a actuación, a actuación é un tema prioritario, pero a ver cando se pode facer, pero o proxecto pensámolo ter no primeiro trimestre do ano.

7ª) A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, preguntou se se pode solucionar o problema que representa que o audio dos plenos se escoite moi mal ata o punto que ela mesma non pode percibir o que di nas sesións.

**Sr. Presidente:**

Nós, agora, estamos nun proceso de meter un sistema, creo que vai cerca de 25.000 € o sistema de mellorar todo iso, para que teñamos mellor acceso, facilitar o traballo a todos vostedes e, tamén, á parte administrativa do Concello, esperamos telo no primeiro trimestre do ano, debería estar feito, non creo que de para o pleno ordinario de xaneiro, pero, para o de marzo, debería de estar instalado o sistema.

**Sr. Secretario:**

A Sra. Fernández Agraso tamén preguntou se estaba rematada a obra do Pazo de Quintáns.

**Sr. Presidente:**

Xa se lle contestou.





8º) A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, preguntou se haberá neste exercicio subvencións e apoios para as asociacións culturais pois por mor da covid-19 este ano non houbo actuacións nin actividades e están estes colectivos a sufrir un prexuízo económico considerable.

**Sr. Presidente:**

Á resposta é que non.

9ª) A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, manifestou que tiveron unha reunión cos veciños de Dorrón que lle plantexaron a problemática do campo de fútbol do lugar. Preguntou así cando ten pensado retomar as xestións para que se realice a obra do campo de fútbol de Dorrón.

**Sr. Presidente:**

A promesa vai a ser igual que co colexio de Vilalonga, que co local social de Gondar, que vostede dixo que non se facía e poden comprobar aí o que están a facer con el, pois o mesmo téñolle que dicir do campo do fútbol de Dorrón.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Vai apagar o meu micro?

**Sr. Presidente:**

A ver, señora Fervenza, estou a contestarlle ás preguntas.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Pregunto, como me ten aberto, por se quere que diga algo.

**Sr. Presidente:**

Pero señora Fervenza, estou a contestarlle ao que vostede preguntou e vostede afirmou, aquí, no pleno, en plenos anteriores, que era mentira, tanto o do colexio de Vilalonga como o do local social de Gondar, a día de hoxe téñolle que dicir que vostede mesma pode comprobar en que situación están esas dúas obras, as dúas infraestruturas.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Non me está contestando. O local social de Gondar é a costa de Dorrón, que se que era unha promesa.

**Sr. Presidente:**

Co campo de fútbol de Dorrón vai pasar o mesmo que pasou con esas dúas obras, eu creo que está suficientemente contestada.

10ª) A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, sobre unhas obras na explanada que está detrás do colexio da Florida, preguntou, ao haber un regato no lugar, se hai permiso de Augas de Galicia para esta actuación e que é o que se está a facer.



**Sr. Presidente:**

No colexio da Florida, o que se está facendo é intentando que se poida acceder pola zona de Miraflores, que está pedido por moitos pais e estamos a traballar para que sexa unha realidade canto antes, está a custar moito porque é moi complicado, hai moitos terreos privados, pero é verdade que o Concello xa comprou fai tempo e, agora tamén, terreos para poder acceder canto antes, por aí, ao colexio da Florida.

**Sra. Fervenza Celestino:**

A pregunta non era só esa, tamén preguntaba polo regato, se había un informe a favor de Augas de Galicia, para poder obrar aí.

**Sr. Presidente:**

Se, todo correcto.

11ª) A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, preguntou que tipo de contrato e que tipo de licitación pública se fixo para que houbera dúas empresas “facendo negocio” na praia de Silgar, porque non houbo concorrência competitiva e incluso houbo material de praia dentro das parcelas instaladas. Rematou dicindo que o 60% de ocupación hoteleira en Sanxenxo non foi polas famosas cuadrículas senón a pesar da colocación das mesmas.

**Sr. Presidente:**

A resposta é non.

**Sra. Fervenza Celestino:**

E xa está? E a vostede parécelle iso normal, dicilo así, nun pleno?, “non, non hai ningún contrato”, as dúas empresas privadas, sen licitación ningunha e ten a desfachatez de dicir “non” e quedarse tan pancho, é que imos ver, é que eu creo que aquí estamos a incorrer en ilegalidades.

**Sr. Presidente:**

Se vostede preguntame, das cores que ten o arco da vella cal me gusta mais, non lle podo dicir non nin se, tereille que dicir unha cor.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Está ben, non pasa nada, faremos o que teñamos que facer, está ben, todo correcto, non conteste.

**Sr. Presidente:**

Señora Fervenza, se vostede preguntame se hai algún contrato, dígolle que non, punto.

12ª) A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, preguntou se despois de instalar o “corralito” na praia que outra cousa vai facer para dar unha publicidade tan negativa para Sanxenxo.



**Sr. Presidente:**

Temos moitísimas mais ideas, pero o mais importante non son as ideas que temos nós, senón é o bo termómetro que temos, que é saber se a vostede gústalle, entón é que nos equivocamos, pero se a vostede non lle gusta é que estamos no acertado, por tanto imos no camiño bo.

**Sr. Presidente:**

Estas eran ás preguntas pendentes, agora pasamos ás preguntas que fixeron vostedes por escrito.

1ª) Escrito presentado pola **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE o día 27/11/2020 (RE núm. 2020011373)** que, a continuación, se transcribe literalmente:

*“EL grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Concello de Sanxenxo a través de su portavoz Ainhoa Fervenza Celestino y de acuerdo a lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente:*

**PREGUNTA**

*La situación laboral de gran parte de los trabajadores y trabajadoras de este Concello están a la espera de que se haga efectiva una relaciona de los puestos de trabajo (RPT), que sea coherente y acorde, para ser conocedores de cuales son las funciones que deben desempeñar.*

*¿Para cuando este gobierno piensa hacer real esta acción que es una obligación para este Concello?”*

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Desde esta concellaría, aínda que non se traballa moito, como di a señora Fervenza e demais, ela se que é moi traballadora, pero é un departamento de recursos humanos, onde non soamente levamos a cabo o estudo e o instrumento similar, que é o que aplicamos agora, a RPT, senón que se levan a cabo moitas mais accións, como o que antes estaban a falar, o tema da consolidación, o que pasa é que o descoñecen, falan de oídas e iso é o peor para un político, falar de oídas, xa tivemos varias reunións coa propia mesa de negociación, cos propios sindicatos, para exporlle como propoñer a consolidación e demais, estamos coa aplicación de novas prazas de técnicos, de feito agora estamos cunha convocatoria e, por suposto, que tamén estamos co estudo do RPT e será unha realidade, mais antes que despois, posiblemente e non cando un queira, senón cando tamén se poida.

2ª) Escrito presentado pola **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE o día 27/11/2020 (RE núm. 2020011373)** que que, a continuación, se transcribe literalmente:



*“EL grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Concello de Sanxenxo a través de su portavoz Ainhoa Fervenza Celestino y de acuerdo a lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente:*

#### **PREGUNTA**

*¿Existe en el Concello de Sanxenxo algún protocolo para los trabajadores y trabajadoras del mismo que tengan estado en contacto directo con una persona que dió positivo en Covid?*

*¿Desde cuándo está operativo dicho protocolo?”*

#### **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Parece mentira que veña a un pleno con esta pregunta e non se informase antes, porque levamos xa oito meses con esta pandemia, pero xa non é iso só, senón que o servizo de prevención allea xa existe desde fai moitos anos e está, de feito, neste momento, cunha empresa “Cualtis Mugatra” e avalía todos os riscos dos postos de traballo, desde o minuto un, que empezou esta pandemia, adaptouse aos novos protocolos e as novas directrices, tanto de sanidade estatal como autonómica, desde o primeiro minuto, é mais, hai protocolos de varios servizos, sobre todo dos mais sensibles, como pode ser o do SAF, como pode ser a Policía ou como pode ser Emerxencias, independentemente que hai de todos, déronse cursos ao persoal, déronse cursos a distancia, déronse cursos presenciais e explicóuselles o protocolo e, evidentemente, está protocolizado cando hai un contaxio ou hai algunha incidencia a través, tanto dos servizos de prevención, como dos servizos públicos de sanidade, que é sanidade, quen leva todo o tema da pandemia e do Covid, a que nos teñen que dicir o que temos que facer.

#### **Sra. Fervenza Celestino:**

Podo facer unhas observacións

#### **Sr. Presidente:**

Non, agora non, espere que terminemos as preguntas escritas, as preguntas son as preguntas.

3ª) Escrito presentado pola **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE o día 27/11/2020 (RE núm. 2020011373)** que que, a continuación, se transcribe literalmente:

*“EL grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Concello de Sanxenxo a través de su portavoz Ainhoa Fervenza Celestino y de acuerdo a lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente:*

#### **PREGUNTA**



*Este grupo solicitó el día 22 de septiembre de 2020, por Rexistro, al Concello de Sanxenxo un informe jurídico referente al cambio de titularidad de una finca en Padriñan que era del Concello y que ahora pasó a ser privado, en dicho informe solicitamos una explicación al respecto.*

*¿Cuando piensa el Concello cumplir con sus obligaciones a la hora de entregar dicha documentación?""*

**Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:**

Ola, boas noites a todos e a todas, está preparando o departamento xurídico esa documentación, en canto téñana, pasarémoslla, nos próximos días estará lista.

4ª) Escrito presentado pola **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto o día 27/11/2020 (RE núm. 2020011373)** que, a continuación, se transcribe literalmente:

*“Mediante el presente escrito, se plantean las siguientes PREGUNTAS para que por el grupo de gobierno se me dé respuesta a las mismas durante la celebración del Pleno Ordinario del próximo lunes 29 de noviembre de 2020:*

*-Que se explique por qué por parte del Concejel de Seguridad, Jaime Leiro se ordenó a una auxiliar de la Policía Local con riesgo de Covid por contacto directo con un positivo que se fuese para su casa y no informase a nadie del motivo real de su ausencia, evitando tomar las medidas de seguridad correspondientes y ocultando al resto de la plantilla de la policía municipal y a las demás personas que estuvieron en contacto con ella el riesgo de contagio existente?*

*-Cuál es el protocolo de actuación del Concello en caso de riesgo de contagio de un empleado del Concello?*

*Por todo ello,*

*SOLICITO se tengan por hechas las propuestas contenidas en el cuerpo del presente escrito y se tomen las medidas necesarias, para llevar a cabo las mismas.”*

**Sr. Leiro Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

Boas noites a todos e a todas, eu, a verdade é que non sei de onde procede a fonte de información da señora Rodríguez, pero o que está a afirmar é completamente falso.

5ª) En relación coa segunda pregunta reflectida no escrito da Sra. Rodríguez Búa, transcrita nos parágrafos precedentes, referida o risco de contaxio dun empregado do concello.

**Sr. Presidente:**

Xa o contesto eu, porque isto xa o contestou antes o señor Guisasola, coa pregunta que fixo antes, o protocolo é o que explicou antes o señor Guisasola, válelle así señora, quere que lle conteste outra vez?



**Sra. Rodríguez Búa:**

Eu entendo que o que contestou antes, simplemente, remitiuse a Mugatra e a Mutualidade, pero eu, o que quero saber, é cal é o protocolo que se está levando a cabo, porque supoño que houbo casos de contactos directos co Covid e quero que se me explique cal é o protocolo, que se está facendo.

**Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do PP:**

No protocolo eu dixen a empresa que os está realizando, non a mutua, é unha empresa e a empresa, o que ten, é un plan de prevención, como expliquei antes, para cada servizo e é diferente o servizo do SAF, que é de moito maior risco, pois, se cadra, que o servizo de obras e servizos normais ou, neste caso, a Policía e xa está estandarizado no protocolo, teñen que saber os parámetros, saben que se hai un contaxio, un positivo, teñen que saber que hai un contaxio estreito, iso determíno despois a empresa o, no seu caso sanidade, nós temos que dar un parte, dicir o que pasa e facer un procedemento, pero todo seguido e regulado pola empresa que nos leva o servizo de prevención e está todo regulado, se quere a copia de todos os contratos de prevención de cada servizo, pásaselle unha copia, están aí para velos, o que pasa é que son de cada servizo.

**Sr. Presidente:**

Contestado o que era por escrito, pediu a palabra Ainhoa.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Que ben nos vén isto, é unha sorte poder apagarnos así, cando che dá a rabia, apáganos e así non podemos falar, está moi ben,

**Sr. Presidente:**

Non, aquí hai que respectar os tempos.

**1ª) Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Se, claro, con respecto a primeira pregunta que fixen sobre a RPT, evidentemente estamos moi contentos de que estean a traballar moitísimo en todas as labores que teñen aí pendentes, pero é unha cousa que leva sen facerse moitísimo tempo e vén de moi atrás e é moi necesaria, sobre todo, porque a mín, por exemplo, ocórrelle que eu contrato xente na empresa para ser administrativa ou para ser docente en cursos, contrato moitísimas persoas e cando esas persoas, polo motivo que sexa, unha pandemia, téñense que quedar na casa, non poden executar o seu traballo, pois hai moitísimas formas de facer que esas persoas segan mantendo os seus postos de traballo e, ao mesmo tempo, non se lles expulse e non fagan outras cousas que non teñen que facer. Neste caso unha RPT, o que fai, é dignificar o traballo das persoas, neste Concello, como todos sabemos, os traballadores da piscina non están a facer as funcións de piscina, porque evidentemente a piscina está pechada e están a facer funcións de albanaría, non se trata soamente do traballo na piscina, en moitísimos outros sitios pódese chegar a facer este tipo de desviación e, paréceme, que a administración pública debe ser exemplarizante e manter un mínimo de dignidade cos postos de traballo para os cales son contratados unhas persoas. Un socorrista, un



monitor das máquinas de ximnasio ou un monitor de natación non ten porque saber pegar baldosas dentro dunha cuba nunha piscina, entón, dignificar o traballo, significa tamén dicir cales son as súas funcións e non facerlles facer, se cadra, ir á gardaría a estar con nenos ou o que se lle pase nese momento ao alcalde pola cabeza. Iso con respecto a primeira, con respecto a segunda pregunta que fixemos.

**Sr. Presidente:**

Pero imos ver señora Fervenza, perdoe que lle diga, non pode ser, o tema de preguntas, son preguntas, contestámoslle e punto, non veña aquí con ningún debate.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Son preguntas e contéstame, pero eu terei que dicir algo tamén, porque a contestación que vostedes dan non corresponde co que eu...

**Sr. Presidente:**

Perdoe un segundo señora Fervenza, vostede está afirmando aquí unhas cousas que, quere que lle diga que está a mentir? Vostede cree sinceramente que hai algún traballador deste Concello que estea traballando sen ser voluntario, por algo que o forcemos nós? Pero que me está contando?

**Sra. Fervenza Celestino:**

Pois eu creo que se senten bastante ameazados, creo que se senten bastante ameazados no seu posto de traballo.

**Sr. Presidente:**

Faga o favor, pregunte o seguinte se quere, veña, que xa está ben, que son ignorantes ou que, por favor, vostede que se cre?

**Sra. Fervenza Celestino:**

Non, o que teñen é medo de irse para casa e non ter un soldo a finais de mes.

**Sr. Presidente:**

Señora Fervenza, quere facer algunha pregunta mais?

**Sra. Fervenza Celestino:**

Eu quería apoiar a moción que tamén fixo Vanesa.

**Sr. Presidente:**

Non, déixese de moción ningunha, non estamos a falar de mocións, estamos en preguntas, señora Fervenza, estamos en preguntas, ten algunha pregunta mais?

**2ª) Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Imos ver, o audio que se comentou, sae directamente dentro da xefatura da Policía Local, é un audio que saíu de alí, é unha persoa...



**Sr. Presidente:**

Se saíu de alí, vostede, o que ten que facer, é denunciálo e xa está, que me está contando vostede, pois denúncieo.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Eu non estou denunciando nada, eu, o que estou a pedir, é responsabilidades políticas, que aquí é onde temos que entrar nós, responsabilidades políticas, porque o concelleiro de seguridade deulle unha orde a unha persoa que era contacto directo cun Covid e non lle dixo literalmente que non contase nada a ningún compañeiro para non contaxialo.

**Sr. Presidente:**

Señora Fervenza, xa está, porque agora vou falar eu, porque xa está ben, está vostede afirmando que o concelleiro, señor Jaime Leiro, está a mentir, a miña pregunta a vostede é; para vostede él minte e os que lle dixeron a información non amenten? Crelle mais a quen lle dixo a vostede, verdade? Pois xa está ben, pois veña. Quere algunha pregunta mais? Levante a man se quere algunha pregunta mais.

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Entendo que se poden facer preguntas que supoño que serán contestadas no próximo pleno, pero bo, en calquera caso, que quede constancia, non?

**Sr. Presidente:**

Se claro, para que vexa como somos nós.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Se bo, vexo que contestades tamén ao que queredes, peor bo, da igual, para que conste de cara ao próximo pleno.

**Sr. Presidente:**

Perdoe un segundo, se vostede quere outra resposta, pois pregunte vostede e contéstese vostede mesma, entón conteste vostede o que queira contestar, digo eu que na resposta contestaremos o que eu creo que debo contestar, non señora Rodríguez?.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Se, pero ás veces, nin sequera contestades á pregunta.

**Sr. Presidente:**

Contéstese vostede mesma e xa está, non sei para que fai as preguntas, se eu contesto todo mal, non sei para que fai as preguntas.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Eu non lle estou dicindo que conteste a todo mal, digo que non sempre contesta as preguntas que se lle fan.





**Sr. Presidente:**

Pero quedou algunha pregunta sen contestar?.

**Sra. Rodríguez Búa:**

Estou a falar en xeral e, de todas formas, o tema das preguntas é un tema que vai variando en cada momento e creo que é unha cousa que temos contrastado todos, mesmo vostedes antes, cando estaba a facer a listaxe de preguntas, había algunhas que contestara no anterior pleno e outras non, se o criterio é contestar a todas, contéstase a todas, se o criterio é contestar a nada, non, pero a que me interesa que se diga agora, contéstoa e, a que non, non. Entendo que xa ten un criterio uniforme, nada mais, que é o que sempre dixen, nada mais. Podo facer a miña pregunta?

**Sr. Presidente:**

Faga a súa pregunta.

**3ª) Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Para que conste, a miña pregunta é se por parte do concelleiro de seguridade, ou mesmo do alcalde, son coñecedores da existencia dun audio no que unha traballadora, en concreto, unha auxiliar da Policía Local, di textualmente ou culpa textualmente de gardar silencio sobre a posibilidade de estar en contacto cun Covid ao concelleiro, de que lle obrigou a gardar silencio sobre iso, se sodes coñecedores da existencia dese audio, no que ela di, textualmente, que foi o concelleiro quen lle mandou calar e, se sodes coñecedores dese audio, se tedes intención de tomar algunha represalia contra a traballadora, porque se mente entendo que igual que vostedes diciades que se nós consideramos que o concelleiro Jaime Leiro mente, que eu considero que se, persoalmente, deberíamos tomar medidas, entón, se vós pensades que a traballadora é a que mente, se vós tedes pensado tomar medidas.

**Sr. Presidente:**

Eu contesto esta pregunta agora mesmo, porque é un tema de agora, eu non teño constancia de ningún audio de nada, se vostede teno, pásamo e eu tomarei as medidas, pero non coñezo ningún audio, se alguén o coñece.

**Sra. Rodríguez Búa:**

E o concelleiro?.

**Sr. Presidente:**

Tampouco, está dicindo coa man que tampouco.

**Sra. Rodríguez Búa:**

E segue negando que, efectivamente, está traballadora non ocultou nada por orde del.

**Sr. Presidente:**

E o que está a dicir, mais preguntas.



**4ª) Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Teño dúas preguntas, que uns veciños do noso concello me dixeron se as podía preguntar, pero pregunto se en vez de preguntas poden ser rogos, non para tardar dous meses en contestalas, se a vos parécevos ben e estades de acordo, levalas a cabo, se se pode, senón preguntas. Dígoas. Se se van facer cumprir as normas sanitarias nos bancos e nas caixas de aforros, igual que teñen que cumprir as cafetarías e os supermercados, de poñer xel hidroalcolico nos caixeiros autonómicos, que é unha zona que toca todo dios e é verdade que todo dios ten que ser consciente de levar o xel, pero, igual que nos bares, na entrada e na saída, eles piden, ao lado dos caixeiros automáticos, poñer un xel desinfectante.

**Sr. Presidente:**

Paréceme unha boa suxerencia, non sabia eu dese tema, que non tiñan, eu non vou o caixeiro, pois teñen que poñelo.

**5ª) Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

A outra é se se podería, non sei de que forma, volver a reabrir o Plan Madruga, porque hai moita xente que nolo pediu, se se podería reabrir e daría igual se non fose dando xantares, aínda que non se dean xantares aos rapaces, só estar alí media hora antes, para que os pais poidan chegar puntuais ao seu traballo é unha pregunta que me fixeron e eu trasládoa aquí, se se pode facer algo.

**Sr. Presidente:**

Pois, a quen lle fixo a pregunta, dígalle que o están facendo as anpas e é unha cuestión que ten que falar coas anpas, nós, aquí, axudámoslle co comedor ás anpas.

**Sr. Torres:**

Se, pero co Plan Madruga non se lle axuda, din que é por non pagar a unha persoa, por aforrar unha persoa ás mañás, foi o que me explicaron.

**Sr. Presidente:**

Non é exactamente así, co Plan Madruga nós fixemos un esforzo bastante grande ao principio, cando empezou todo isto e creo que se están facendo as cousas medianamente ben con ese tema, que é todo moi complicado neste momento, entón, se quere algunha cousa mais, para aclarar este tema, fala un día con Paz, porque non é un día dunha resposta a unha pregunta así, tan fácil, vale?

**Sr. Torres:**

Vale, vale.

**6ª) Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Teño varias, a primeira, son coñecedores que no noso concello hai veciños que estiveron en contacto con positivos que teñen síntomas e que, aínda así, están a espera do PCR dende hai bastantes días, están de acordo con este proceder, con este tipo de protocolo?



**Sr. Presidente:**

Para nada, Sandra, como vou estar de acordo con iso? Para nada.

**Sra. Fernández Agraso:**

Pois hai veciños que lles está pasando isto.

**Sr. Presidente:**

Pero non é culpa do concello, será culpa de que non chaman desde Pontevedra, digo eu, non?.

**Sra. Fernández Agraso:**

Home xa, pero, se sabemos que pasa no Concello, teremos nós que trasladarlle a Pontevedra que queremos que sexan mais efectivos, non?

**Sr. Presidente:**

Se, o que pasa é que, bo...

**Sra. Fernández Agraso:**

Se aquí tratamos a lei de educación, tamén podemos tratar isto, que estamos a falar de veciños de Sanxenxo, non?

**Sr. Presidente:**

Que se que se, Sandra, pero é que eu, o que che podo dicir, é que eu sei dun caso, nunha empresa, que pasou e funcionou todo e houbo, outra vez, que estiveron catorce días na casa, entón é que non entendo que leven días esperando sen control ningún, estarán na casa.

**Sra. Fernández Agraso:**

Están na casa, pero por responsabilidade, polo menos das persoas que, a min, trasladáronmo.

**Sr. Presidente:**

Non non non, iso non creo que sexa así

**Sra. Fernández Agraso:**

Pois é así eh.

**Sr. Presidente:**

Non, cando hai un positivo.

**Sra. Fernández Agraso:**

E que non é positivo, non lle fixeron PCR.

**Sr. Presidente:**

Non, pero imos ver, pero eles teñen un familiar positivo ou algo, ou un achegado.



**Sra. Fernández Agraso:**

Se, e teñen síntomas.

**Sr. Presidente:**

Se teñen síntomas, van ao medico de cabeceira e xa lle dirán, que lle dixeron, que lle ían facer a PCR?.

**Sra. Fernández Agraso:**

Están a esperar que lla fagan e levan días así.

**Sr. Presidente:**

Días? Debe ser un protocolo que teñen de actuación e nós non temos aí que facer nada, non podemos levantar o teléfono, para que lle fagan a uns antes que a outros.

**Sra. Fernández Agraso:**

Non non, non estou a pedir iso, o que estou a pedir e que, desde o concello, se lle diga, a quen faga o protocolo ou a nivel consellería, que os que teñen positivos, os que estiveron cun positivo e, ademais, teñen síntomas, o PCR debe ser inmediato.

**Sr. Presidente:**

Eu sei, imos ver Sandra, eu sei que van empezar a facer probas de PCR nos centros de saúde, aquí en Sanxenxo, igual que noutros sitios, creo que empezan a finais desta semana ou principios da semana que vén, pero non teño constancia de que haxa xente esperando agora mesmo moitos días, se dous ou tres días, pero mais días non creo, se son dous ou tres é o normal, eu pódolche dicir de xente que está agora mesmo na pantalla, que esperou tres días, para que lla fixesen e, están aí, na pantalla agora contigo e esperou tres días e mais, tivo que estar na casa encerrado ata que llo fixeron e, despois, dous días mais, ata que lle deu negativo.

**Sra. Fernández Agraso:**

Eu trasládollo, porque, ademais, non en todos os traballos, se cadra, aceptan a palabra dunha persoa, sen un papel.

**Sr. Presidente:**

Moitas grazas, está ben, mais preguntas.

**7ª) Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Segunda pregunta, esta fin de semana saíu en prensa que o Concello de Sanxenxo debe 300.000 euros a Mancomunidade, desde cando se lle deben cartos?.

**Sr. Presidente:**

Desde o ano 2017.

**Sra. Fernández Agraso:**

Desde o ano 2017? E temos pensado pagarlles, non?.



**Sr. Presidente:**

Se, váiselle a pagar como marcaron eles o outro día, imos pagar, deron ata dous anos para pagar, imos pagar en 24 meses, que está previsto todo para regularizar a situación.

**8ª) Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Correcto, outra pregunta, cantas denuncias tramitou a Policía Local desde o peche perimetral de Sanxenxo? Porque sabemos que outros concellos se están a dar esa información, pero en Sanxenxo non se dá esa información.

**Sr. Presidente:**

Eu non entendín ao principio, cantas?.

**Sra. Fernández Agraso:**

Cantas denuncias tramitou a Policía Local, desde que hai o peche perimetral en Sanxenxo?.

**Sr. Presidente:**

Respondémoslle despois, noutro pleno ou seguidamente, porque non teño agora datos, sei que moitas, pero non sei, non teño agora datos.

**9ª) Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Vale, outra mais, saíu hoxe, na prensa, o momento delicado que está a pasar unha familia de Portonovo, está a actuar o Concello, está a tomar algunha medida urxente o concello para poder axudarlles?.

**Sr. Presidente:**

Nós tivemos constancia, eu tiven constancia onte, ás dez menos cuarto da mañá, onte domingo e, a unha menos cuarto, estivemos con esa familia o concelleiro delegado de Servizos Sociais, Daniel Arosa, mais eu mesmo, con esta familia. Eu o que lle podo dicir aquí e podolle garantir, que non vai haber ningunha familia, e menos esa, que quede sen teito, por dicilo dalgunha maneira, pero eu non quereda falar nada mais, porque son temas delicados, como vostede ben sabe, por protección de datos, pero estamos no caso e o que nos preocupa é precisamente iso e é o que buscan eles tamén, do tema da vivenda, estamos a investigar, pero esta mesma mañá púxenme en contacto coa Xunta de Galicia, pero hai que cumprir uns requisitos, como ben sabe, para recibir ás axudas, estamos no caso e non están abandonados á man de Deus, de acordo? Pero se quixese unha cousa mais, señora Fernández, non teño inconveniente en falar os dous e coméntolle.

**Sra. Fernández Agraso:**

Non, bo, sei algo do caso e estou da cordo que, ás veces, cando as cousas fanse irregularmente, a burocracia complicase, iso o se, pero simplemente o feito de que iso, garantir que esa familia non vai quedar na rúa, é unha tranquilidade para eles e, entón, tamén, unha tranquilidade para nós.



**10ª) Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:**

Outra mais, tendo en conta que o Concello de Sanxenxo, institución refírome, é quen ten que dar os datos mais transparentes sobre a incidencia da pandemia no noso Concello, como é posible que só se estenda publicamente o número de activos diarios, non se dan as altas, nin os novos activos, como noutros concellos, que o explican moitísimo mais, aquí dáse un número, pero non sabemos se é que aumentaron tres ou se deron de alta dez e resulta que hai trece a maiores. No concello de Sanxenxo iso non o soubemos nunca, soamente o numero de activos que hai diario, pero resulta que, logo, vemos nas redes sociais como, ademais curiosamente un militante do Partido Popular, ten unhas gráficas e uns datos que non dan desde o Concello, é dicir, eu vendo esas gráficas, sei mesmo, cantos números de diarios están pendentos do PCR, a min, é que me parece increíble.

**Sr. Presidente:**

Como desde o concello?.

**Sra. Fernández Agraso:**

Non desde o concello, senón desde un militante do Partido Popular, que teña mais información que o propio concello.

**Sr. Presidente:**

Ah bo, pero ese militante do Partido Popular a min, impórtame tanto como, bo....eu non lle vou dicir nada mais, xa llo digo claramente, un tema tan serio como ese, nós, o que damos, son os datos oficiais que nos dá en todo o día sanidade, dannos os números que hai, suben ou baixan, se, o outro día, o sábado había 84 e, o domingo 94, non, o venres creo, pois suben dez, hoxe baixaron tres, tardo cinco segundos en enviar outra vez, rapidamente, para que se comunique o tema dos datos e non me consta que ningún concello oficialmente, porque nós temos reunións telemáticas co conselleiro e cos concellos da comarca e non me consta que teñan uns datos diferentes aos nosos, é mais, houbo alcaldes doutros símbolos políticos que defenden que se dean estes datos e nada mais, porque por protección de datos, non debemos facer un seguimento de chegar a coñecer cal é a persoa que deu positivo.

**Sra. Fernández Agraso:**

Bo, imos ver, a mín, iso, xa non se me ocorrería nunca, preguntalo nin pedilo, sexamos serios, outros alcaldes dirán: “pois danse de alta seis persoas, entón agora hai dez”, a iso refírome, a cantas persoas son de alta, porque, ás veces, a xente cre que se aumentan tres casos e, se cadra, aumentáronse vinte e tres porque, ao mellor, vinte déronse de alta, de feito, a semana pasada, no domingo, débéronse de dar de alta moitos, dunha incidencia que ocorreu, ademais en Vilalonga e, resulta, que subían moitísimos mais, é dicir, que os positivos eran moitos mais desa incidencia dun día a outro, o que me estraña e iso, que se coñeza mediante as redes sociais, por parte dun militante, cantas de estas persoas están, mesmo pendentos de PCR, con moitísima mais información, mesmo, que o propio Concello. Entón, creo que a información debe darse desde o propio Concello, que se nos debería dar toda a información que dá a Consellaría, é dicir, cantas altas hai e cantos activos hai diarios, non canto varia dun día a outro, porque non é o mesmo e iso é, o que a nós, gustaríanos.



**Sr. Presidente:**

Mire, nós temos as reunións periódicas con varios dos alcaldes de todos os símbolos políticos e isto é o que se está facendo. Eu descoñezo, agora, calquera persoa que utilice, que é moi fácil, nas redes sociais é moi fácil poñer, e sobre todo, se son anónimas non vexa, pero bo.

**Sra. Fernández Agraso:**

Non é anónimo.

**Sr. Presidente:**

É igual, que sexa ou que non sexa, a min, iso, non me importa nada, o que digo é que o que está a dicir vostede, que efectivamente, se hoxe hai cen e danse de alta cinco, resulta que pon cento cinco, pero, se cadra, resulta que non foron eses cinco, que ao mellor, houbo vinte ou trinta, ou os que fosen, que se deron de alta. Eu, enténdoa e, se cadra, está mal o dato, pero imos ver, sinceramente, o importante non é iso, o importante e ver se baixa dunha vez todo isto, entón, que mais dá que se desen vinte ou quince, se andamos aí, na cousa, estamos, agora, cerca dos noventa e non damos baixado de aí, entón que mais dá que hoxe houbese vinte e, mañá, teñamos cinco, eu que quere que lle diga, un caso de que, por exemplo, se cadra, hai nun sitio que, do mesmo grupo, son dezaquito e que facemos con iso? Alarmar á xente, ás veces é, mesmo, demasiada información e, neste caso, non é boa. Eu, se quero, cóntolle o que pasou hoxe, a mañá, aquí, dentro do Concello, porque hai algúns que teñen esa aplicación no móbil, vale? E houbo dous que pasaron polo lado dun, que lle saltou que estiveran ao lado doutro e xa non vou a traballar, porque estiven ao lado doutro, pero isto que é?.

**Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:**

En serio?.

**Sr. Presidente:**

Se, claro, sexamos un pouquiño, explícome?.

**Sra. Fernández Agraso:**

Precisamente por iso, a información debe ser transparente e, desde o Concello, institución e non por outros lados.

**Sr. Presidente:**

A información ten que ser transparente ata un límite, porque oíches, a información ten que ser toda moi transparente, pero vese que, para os datos, para unhas cousas, hai protección de datos e, para outras, ten que ser transparencia.

**Sra. Deza Martínez:**

Pero non están a dar esa información.

**Sr. Presidente:**

Como di?.



**Sra. Deza Martínez:**

Que eu, nas reunións que asistín, non dan esa información.

**Sr. Presidente:**

Non, é que non a dan, pero hai xente que, con isto parece mentira, está a xogarse moito nas redes sociais

**Sra. Deza Martínez:**

Non Sandra, eu asistín, como alcaldesa accidental, a un par de reunións e non dan ese dato.

**Sra. Fernández Agraso:**

Eu xa non é por nada, pero o Alcalde do Grove, en todas as comparecencias di: “tantos son de alta, tantos son de tal”, é dicir, él se ten os datos e non me estaba referindo ao Alcalde do Grove antes.

**Sra. Deza Martínez:**

Será porque lle pregunta directamente á area sanitaria, ao xerente ou a quen sexa, pero os datos que che mandan todos os días, a diario, é simplemente o dato que nós pasamos diariamente.

**Sra. Fernández Agraso:**

E, entón, como pode saber unha persoa cantos están pendentes de PCR? E logo compartir esas gráficas, con esa información?.

**Sra. Deza Martínez:**

Iso non o sei.

**Sr. Presidente:**

Imos ver, Sandra, o que sexa, nós, o que facemos, é dar os datos que nos pasan de sanidade, somos con iso moi respectuosos, non andamos con ningunha cousa mais, nin creo que sexa bo tampouco, o que temos que facer e, aproveitando que falas disto, para a xente que nos estea vendo, o que hai que facer e ser moi responsables, porque eu non vexo as cousas moi ben de cara a nadal, non as vexo nada ben, vale? Polo que estou a escoitar e, por tanto, o que estamos, dalgunha maneira, é expectantes, esperando se co ano termínase, tamén, todo isto, anúnciase vacina, anúnciase todo, pero eu non vexo as cousas moi ben, xa vos teño que dicir que, tal e como imos, non creo eu que na ponte podamos abrir, dígovolo así, porque para Sanxenxo é moi grave non abrir na ponte esta da Constitución, está todo pechado en todos os sitios, por culpa de vir xente aquí, pero é un problema gravísimo que estamos a ter e, entón, o que hai que ser, é moi responsable e, todos estes casos, viñeron, a gran maioría deles, foron por reunións familiares, de cousas familiares e iso se que está comprobado, pero tampouco se pode andar a alardear por aí, o que temos é que ser un pouquiño responsables, porque nos está levando a un tema moi complicado e moi delicado.-----





E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

